

aulas libres

revista de pensamento,
información e debate
do **steg**

6



aulas libres nº 6

Galiza, abril de 2016.

aulaslibres@steg.gal

Edita:

Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza, STEG.

Dirixe:

Comisión Permanente do Secretariado Nacional do STEG.

Coordinan:

Emilio Xosé Ínsua López e Sonia Fernández Casal.

Deseño e maquetación:

Rosa Herraiz Cabanas.

Impresión:

Parsan Gráfica

Depósito legal: C 2092-2013

ISSN: 2340-8618

Permítese a reprodución sempre que se cite autoría e procedencia.



Distribución gratuíta.

A revista non se fai necesariamente partícipe das opinións das persoas que colaboran nela.

A confección deste número pechouse o 10 de abril de 2016.

ilustración de portada baseada na capa de *Terra Cha*, de Manuel María, deseñada por Luís Seoane.

aulas libres 6



2 **editorial**
Permanente do STEG

3 **actualidade sindical**
Permanente do STEG

7 **o que o libro branco xa conseguiu**
Permanente do STEG

9 **estudio sobre a fp a distancia en galiza**
Jesús Arrivi

12 **opinión: acceso libre, o grande esquecido na loita sindical**
Rubén Álvarez

13 **opinión: humana reinnovación educativa**
Lucía Flora López Pérez

14 **espazos libres de machismo**
Asemblea de Mulleres do STEG

16 **sexo e política**
Agostiño Nieto

18 **experiencias de aula**
Sonia Fernández

20 **letras galegas**
manuel maría
Salustio Cibrao de V.

27 **escolas de insiño galego**
Emilio X. Ínsua

31 **para ver, para ouvir, para ler**
Isabel González Avión
Emilio Xosé Ínsua
Sonia Fernández

36 **texto literario**
Manuel María

Para o noso compañeiro do STEG-Universidade
Ángel Rodríguez Gallardo,
que vén de padecer un serio problema de saúde
e loita nun hospital de Vigo pola vida
coa afouteza dun sindicalista dos imprescindíbeis.

A situación de incerteza e provisoriedade que domina o panorama político despois dos comicios legislativos de decembro de 2015 coloca o sistema educativo no seu conxunto nunha difícil tesitura. O vello, a nociva LOMCE, non acaba de morrer e continúa deteriorando a xa de seu maltreita escola pública, e o novo, que sería a súa inmediata parálise e derogación e, acto seguido, a apertura dun proceso de diálogo para concluír nunha nova lei educativa de amplo consenso e longo percorrido, non acaba infelizmente de chegar.

No intermedio, estamos padecendo o empeño partidista da Consellaría, por medio das xefaturas territoriais e da Inspección, de levar adiante sexa como sexa, mesmo que se detecten todo tipo de disfuncións e mesmo que sexa a base de continuas improvisacións, a implantación da LOMCE. A día de hoxe, primeiros de abril, aínda non están ditasas sequera as instrucións para a celebración da “reválida” de 6º. Contra ela, como contra a de 3º de Primaria, volverá STEG alzar o seu protesto, respaldando as mobilizacións e actos de desconformidade que xurdan no seo da comunidade educativa, especialmente desde as ANPAS, con tal motivo. Tampouco temos claro como se articulará, na práctica, o acceso dos estudantes á Universidade unha vez sexa suprimida a Selectividade. E así seguido.

Especialmente irritante ten sido durante este curso 2015/16 que xa emproa o seu tramo final a presión sobre os departamentos didácticos para a elaboración das programacións segundo os requisitos consagrados na lei dos ínclitos (e desaparecidos) Ignacio Wert e Monserrat Gomendio Kindelan. O burocratismo, o afán de homoxeneización, o fetichismo da nova terminoloxía e a febre porcentualizadora que ese novo modelo de programación consagran non fan máis que deixar en evidencia o crecente divorcio entre as directrices que os gobernantes impoñen desde os despachos e estampan ufanos nos BOEs e nos DOGas e as vivencias, retos, necesidades e esforzos que o profesorado ten que afrontar no día a día nas aulas.

A propia Administración, con estas actitudes e cos constantes recortes que practica, está a provocar que amplos sectores do profesorado sopesen seriamente xubilarse anticipadamente, que outro segmento crecente se sinta “moi queimado” e que a maioría encontre como única satisfacción e recoñecemento ao seu labor o traballo específico dentro da aula: non outro motivo ten ese retroso, cada vez máis estendido entre os claustros, de “a min, que me deixen dar clase”.

Para nos sumar a este ano conmemorativo do centenario das Irmandades e de celebración da figura de Manuel María nas Letras Galegas, incluímos no presente número de *Aulas Libres* senllos traballos específicos, que acompañan outros de perfil máis propiamente sindical ou de pendor analítico e opinativo. Con todos estes materiais, seguimos empeñándonos en divulgar argumentos para a defensa do modelo de ensino público galego, gratuito, científico, inclusivo, coeducador e laico que defendemos e reiteramos, asemade, o noso permanente convite a todas as traballadoras e traballadores do ensino a achegarse ao STEG para así construírmos xuntos e cantas/os máis mellor un marco laboral e pedagóxico que nos permita traballar ben e nos impulse cara a unha sociedade anovada, máis libre e máis xusta.

Fragmento da capa do libro *Terra cha*, de Manuel María,
deseñada por Luís Seoane



persoas refuxiadas

**O STEG condena as deportacións.
Europa, Turquía e as persoas refuxiadas sirias.**

Traicionando os propios valores que (en teoría) fundamentan o nacemento da Unión Europea e incumprindo a Convención de Xenebra¹ de 28 de xullo de 1951, así como outros tratados sobre persoas refuxiadas, a autodenominada “Europa” acorda devolver a Turquía todos os “migrantes irregulares”. Baixo esta eufemística expresión - como se se falase de simples turistas sen visado ou de inmigrantes que, á procura de traballo, non teñen todos os papeis en regra - Europa distorce e oculta cinicamente o éxodo masivo de refuxiados que foxen da guerra de Siria, negándolles así a súa condición de refuxiados e os dereitos inherentes á mesma, que non son outros que os de calquera extranxeiro residente legal: dereitos civís básicos (liberdade de pensamento, asociación, expresión, etc.) e dereitos sociais (educación, asistencia médica...). Amontoadas en campamentos en condicións inhumanas, estas persoas esperan agora a súa deportación a Turquía, país para nada modélico no respecto polos dereitos humanos.

Europa non só esquece máis unha vez os seus tan cacarexados valores humanitarios senón que tamén borra da súa memoria a pasada e recente historia de refuxiados europeos que escapaban de conflitos bélicos e é absolutamente amnésica en relación á súa responsabilidade directa no devir histórico de Siria e dos países da rexión.

A premisa está clara: expulsar todos os que cheguen. Como é costume nos tratos entre regateiros, o prezo foi discutido: unha partida de 3.000 millóns de euros para Ankara, a supresión do visado para os turcos que viaxaren á Europa, acelerar a negociación da entrada de Turquía na UE e ollar para o lado perante as violacións de dereitos humanos, quer contra o Pobo Kurdo, quer contra os partidos da oposición, quer contra o movemento feminista, que contra os medios de comunicación críticos por parte de un Goberno Turco cada día máis autoritario.

O STEG solidarízase co Pobo Sirio, condena a deportación das persoas refuxiadas e denuncia publicamente a ilegalidade de tal medida.

1Artigo 33 Prohibición de expulsión e de devolución («refoulement»): Ningún Estado Contratante poderá, por expulsión ou devolución, pór nunca un refuxiado nas fronteiras de territorios onde a súa vida ou a súa liberdade estiveren en perigo por causa da súa raza, relixión, nacionalidade, pertenza a determinado grupo social, ou das súas opinión políticas.



Comisión Permanente do
Secretariado Nacional do STEG

aulas libres

3

actualidade sindical

Chegada ao peirao de Porto Empédocle (Sicilia) da nave Lybra da Mariña Militar Italiana, con 56 superviventes e 180 inmigrantes recuperados en diversas operacións no Mar Mediterráneo.
Fotografía: Carlos Folgoso.

avaliación final de primaria

o PP aprobou o RD da avaliación final de primaria unhas semanas antes das eleccións xerais de decembro de 2015.

o STEG esixe a súa inaplicación, atendendo á nova maioría parlamentaria contra a lomce

O anterior goberno do PP aprobou aceleradamente o Real Decreto 1058/2015 que regula a avaliación final de Primaria, no que se mantén a reválida de 6º de Primaria, que custará 1.451.930 euros e que suporá un ataque frontal aos dereitos do alumnado que conclúe esta etapa, en total 482.000 alumnos/as. Ademais, engade un obstáculo a maiores para a aprendizaxe e a promoción do alumnado. A unha idade moi temperá, tan só con once ou doce anos cumpridos, preténdese someter estes nenos e nenas a un tipo de probas que condicionarán o seu futuro. Así mesmo, o Ministerio incrementa a carga de traballo do profesorado e o ensino centrarase na superación de probas e non nunha formación académica global e persoal do alumnado.

As avaliacións externas supoñen ignorar as condicións nas que se desenvolve a aprendizaxe, ademais da influencia do contexto. O proceso de ensino-aprendizaxe non é algo que se dea nun espazo baleiro, nunha caixa preparada a tal efecto, para recibir o coñecemento, senón que ten que ter en conta as poderosas forzas da contorna que decidirán como, canto e que se aprenderá. Esta medida é unha mostra importante do desinterese por todo o que non sexa rendición de contas ante as competencias e o establecemento de rankings entre centros, e profunda no camiño cara ao esquecemento definitivo da función de xustiza social que debe cumprir a educación e a súa substitución por unha función de selección social.

Este tipo de probas leva un desprezo cara á profesionalidade do profesorado e, con iso, dos centros. Menosprézase e ignórase a súa formación e capacidade para avaliar o propio alumnado, para detectar en que aspectos hai problemas e como e cando abordalos, desde que enfoque e con que recursos. É restar a capacidade aos centros para coñecer e abordar os problemas que poidan xurdir e buscar os mecanismos para liquidalos.

A LOMCE ten que ser derogada. Esta Lei non proporciona medios para que o alumnado con dificultades na súa aprendizaxe poida superar as mesmas. Non existen programas para o reforzo educativo; non se aposta por unha educación que compense as desigualdades sociais, culturais e económicas que existen entre o alumnado.


As avaliacións externas non achegan ningunha mellora para o Sistema Educativo, supoñen unha duplicidade de funcións no mellor dos casos e un negocio no peor deles. O responsable de levar a cabo tanto a avaliación do proceso de aprendizaxe como do proceso de ensino ten que ser o equipo educativo dos centros. Todo o demais son eufemismos para disfrazar pretensións claramente intervencionistas e mercantilistas. Neste sentido e atendendo á nova representación parlamentaria, o STEG esixe a inaplicación de devandito Real Decreto.

Chamamos á Consellería de Educación e ao Goberno da Xunta de Galiza a non aplicalo, e animamos ás familias a que impidan que as súas fillas e fillos se sometan a estas probas.

**CON RECORTES
NON HAI FUTURO**

LOMCE NON!
DECRETO 14/2012
E NORMATIVES AUTONÓMICAS DE RECORTES

DERROGACIÓN XA!



25 ANOS defendendo o
Ensino Público
Galego **UN PRESENTE PARA AVANZAR**
VIII CONGRESO
OURENSE 23 e 24
de Outubro 2015



débeda da consellería

campaña do steg pola devolución para o persoal funcionario docente da parte proporcional da paga extraordinaria de xuño de 2013

As pagas extraordinarias teñen a consideración de salario diferido que se devenga día a día, aínda que o seu vencemento teña lugar en determinadas meses do ano (STS, Sala do Social de 6 de maio de 1999).

Segundo a ORDE do 11 de marzo de 2013 pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica para o ano 2013, artigo 4, “As pagas extraordinarias devengarase o primeiro día hábil dos meses de xuño e decembro e con referencia á situación e dereitos do funcionario nas ditas datas”.

Conforme ao exposto, o devengo desas pagas extraordinarias é semestral, computándose o relativo á paga extraordinaria de xuño de 2013 de 1 de decembro a 30 de maio de 2013.

A Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013, no seu artigo 21. Un. b) di: “b) As pagas extraordinarias, que serán dúas ao ano, percibiranse de acordo co previsto no artigo 15 da Lei 13/1988, do 30 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 1989. O importe de cada unha destas pagas será a suma do soldo e dos trienios establecidos no artigo 13. Tres desta lei e dunha mensualidade de complemento de destino.

A aplicación da Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013, en relación á totalidade da paga extraordinaria de xuño de 2013 supón a aplicación retroactiva da norma, o que vulnera as previsións do ordenamento xurídico (artigo 2.3 do Código civil) e de principios constitucionais (artigo 9 da Constitución Española).

Sendo isto así, a entrada en vigor da Lei 2/2013, do 27 de febreiro, non afecta a paga extraordinaria devengada dende o 1 de decembro de 2012 ata o 27 de febreiro de 2013, polo que a Administración adebeda a todo o persoal funcionario docente en activo nesas datas o importe proporcional ao dito período.

Por todo isto, **o STEG esixe á Consellería de Educación e O.U. a devolución** inmediata para o persoal funcionario docente **da parte proporcional da paga extraordinaria de xuño do 2013** que correspondería polos días traballados dende o 1 de decembro do 2012 ata o 27 de febreiro do 2013 e está a desenvolver unha campaña para que cada traballadora ou traballador presente, co formulario elaborado polo noso gabinete xurídico, o correspondente escrito de reclamación previo á vía do contencioso-administrativo.

recortes

campaña da confederación de stes contra a implantación da lomce e pola derogación do decreto 14/2012 e das demais normativas autonómicas de recortes educativos.

Os resultados electorais saídos das urnas en decembro de 2015 abren un panorama político novo, aínda non clarificado de todo no momento de escribir estas liñas, no que parece plausíbel pensar que se poida producir unha revisión a fondo dalgunhas das orientacións e das medidas ditas “de austeridade” implementadas na anterior lexislativa polo goberno central sustentado pola maioría absoluta do Partido Popular.

Entre esas medidas que cómpre rectificar está o Decreto 14/2012 de 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo, orixe das moitas deterioracións que vén padecendo o sistema educativo público desde entón: redución do número de profesores/as, pírrica oferta de prazas docentes, amortización masiva de prazas por xubilación, reducións salariais, minoramento das pagas extras, aumento da carga horaria lectiva, penalización salarial das baixas laborais, recortes nas axudas ás familias e nas bolsas de estudo, redución das partidas orzamentarias para gastos de funcionamento, equipamenmto e investimento nos centros, etc.

O Goberno autonómico de Núñez Feijó foi tristemente pioneiro e “exemplar” na aplicación de todos estes recortes. Só a profesionalidade e o compromiso de milleiros de docentes co ensino público impediron que todas esas medidas lesivas e eses recortes deteriorasen ata extremos insoportábeis o sistema educativo galego.

Por todo isto, a Confederación dos STEs e o propio STEG **esixen** ao novo goberno central que poida constituírse en breve e ao futuro goberno autónomo galego, no seu ámbito, a derogación do decreto estatal 14/2012 e das demais ordes autonómicas que consagraron no seu día os recortes educativos que vimos padecendo e **instan** a eses futuros novos gobernos a aplicaren políticas de recuperación e paulatino incremento do gasto público en educación e de restitución dos dereitos laborais e salariais do conxunto do profesorado e demais persoal que fai parte do sistema educativo.

actualidade sindical

6 rexistro de delincuentes sexuais

o PP apadriña o “criminal” de george orwell

Ao abeiro da aplicación da nova Lei de Protección á Infancia e á Adolescencia, aprobada en xullo do ano pasado, que inhabilita para traballar en contacto con menores a todos os condenados en firme por delitos sexuais, diversos gobernos autonómicos deron pasos que atentan contra o dereito á intimidade do profesorado do ensino público.

A norma en cuestión prevé a creación dun Rexistro Xeral de delincuentes sexuais. Pero, de xeito transitorio até o pasado un de marzo de 2016 no que se puxo en marcha este rexistro, dispuña que se esixise ás persoas traballadoras a presentación dun certificado de penais. O Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade deu instrucións ás comunidades autónomas para que se reclame o documento ás persoas traballadoras que accedan a postos onde se teña trato cos menores.

O certificado de penais é un documento emitido polo Ministerio de Xustiza que, ao xeito unha vez máis do Gran Irmán de Orwell (que inventara a figura do “criminal” ou crime mental, e lexislaba mesmo sobre o pensamento, podendo acusar inopinadamente a calquera) culpabiliza de partida a persoa. Nel recóllense todas as condenas firmes por delitos. Até a aprobación da lei antes citada, esixíase exclusivamente aos traballadores que acceden a postos vinculados á administración de Xustiza, aos corpos e forzas de Seguridade do Estado, ás Forzas Armadas e tamén ás empresas de vixilancia privada.


O STEG quere manifestar o seu desacordo contra esta esixencia do Goberno porque este requirimento atenta contra a presunción de inocencia e porque sitúa por enésima vez o profesorado no punto de mira da cidadanía e da opinión pública, favorecendo o cuestionamiento gratuito do seu traballo. A Administración ten que ter coñecemento das persoas que desenvolven o seu traballo nos centros educativos, e ten que dispoñer as ferramentas para que a comprobación de datos se produza do xeito menos lesivo para o persoal docente; pero este requirimento específico vai máis aló e culpabiliza de partida as persoas traballadoras, tendo as mesmas que demostrar a súa inocencia e puidera vulnerar a lexislación relativa á protección de datos persoais.

unha medida para o 2% dos casos

Tanto a violencia intrafamiliar como os malos tratos infantís son problemas comunitarios moi graves e dolorosos, e por tanto, toda a cidadanía temos a obriga de asumir un protagonismo activo na súa erradicación. Poida que os casos acontecidos no eido escolar sexan os máis coñecidos mediaticamente, pero é no eido familiar onde máis se debера incidir e cómpre tamén reflexionar sobre estes datos para tomar as medidas axeitadas:

- O 77% dos casos de abuso e malos tratos foron perpetrados polos pais da vítima.
- Un 11% correspondeu a parentes do neno ou nena maltratado e tan só un 2% correspondía a outras persoas relacionadas co coidado dos menores.
- O 10% restante dos perpetradores foron clasificados como non relacionados ao coidado dos infantes (estraños, membros do mantemento da casa, amigos, veciños, entre outros).

O STEG é partidario de combater esta lacra con todos os instrumentos de que dispón a Administración, no camiño de erradicala, pero preservando sempre os dereitos fundamentais das persoas e evitando a denigración do colectivo docente, xa bastante castigado de forma gratuita nos últimos anos, especialmente dende a chegada do PP ao poder.



o que o libro branco xa conseguiu

Que sentido ten volver sobre o Libro Branco da Profesión Docente meses despois de que o balbordo mediático xerado ao seu redor esmorecese coma se dunha moda pasaxeira se tratase? O encargo realizado polo Ministerio de Educación a José Antonio Marina pareceu desde o principio un intento de pechar a etapa máis negativa para a educación desde os tempos do franquismo con algo parecido a unha proposta de debate, logo de catro anos lexislando de costas a toda a comunidade educativa. Desde esta perspectiva poden explicarse carencias tan significativas como unha análise rigorosa, documentada e obxectivada da situación da educación en todo o Estado, que fan que dificilmente o documento do que estamos a falar sexa merecedor do nome de Libro Branco. Mal comeza quen, facendo un chamamento á excelencia, non presenta os datos nos que basea a súa liña argumental.

Porén, no canto de querer entrar aquí a debullar as incongruencias do citado documento, queremos salientar aqueles aspectos dos que sen dúbida seguiremos a escoitar falar no futuro, independentemente de que o chamado Libro Branco da Profesión Docente (L.B.) acabe esquecido nun caixón, como parece destinado a acabar.

As liñas argumentais que percorren o L. B., e grande parte das propostas realizadas, son un compendio do discurso que, a nivel internacional, percorre o panorama educativo desde os posicionamentos máis abertamente neoliberais. Cómpre agardar, xa que logo, que volveremos a escoitalos unha e outra vez repetidos coma un mantra, aplicando cando menos aquilo de “semente, que algo queda” no suposto de non estaren en situación de lexislar ao respecto. Dedicaremos este artigo a catro destas liñas argumentais ou ideas-forza ás que teremos que enfrontarnos en numerosas ocasións no futuro, estea quen as defende no goberno ou na oposición.

Queremos salientar, porén, que desde o STEG levamos anos demandando e promovendo un debate a fondo sobre as cuestións a mellorar no noso sistema educativo; que compartimos a análise sobre algunhas das feblezas indicadas no L.B. e mesmo algunhas, as menos, das propostas presentadas. Agora ben, non nos merece ningunha credibilidade un documento que obvia entre outras cousas, nin máis nin menos, toda a cuestión orzamentaria na que sustentar esas reformas.

algunhas “ideas-forza” do L. B.

***O factor fundamental da calidade educativa é o profesorado:** docentes ben escollidos, ben formados e con vocación serían capaces de reverter os resultados supostamente tan mediocres do noso sistema educativo.

Os recursos económicos dedicados, o nivel educativo medio das familias, o acceso a outros recursos culturais, as constantes mudanzas lexislativas, a idoneidade do currículo... son supostamente irrelevantes, a teor do espazo que se lle dedica no L.B. Ben é certo que o título do documento non agocha esta premisa fundamental. Non se trata dun **Libro Branco sobre a Educación**, senón do **Libro Branco sobre a Profesión Docente**.

Afirmar que escoller ben o profesorado melloraría a calidade da educación implica loxicamente que o nivel educativo actual non é máis alto porque o profesorado non é bo abondo. Premisa número 1.

Cuestións tan relevantes como os contidos curriculares, a formación permanente do profesorado, a cultura colaborativa, a ratio de alumnado... aspectos sobre os que sen dúbida é preciso incidir, palidecen fronte á posibilidade de substituír o profesorado actual por outro mellor.

* Incentivar as e os mellores docentes

Sen entraren na nada baladí cuestión de como identificamos as e os mellores docentes, as chamadas políticas **PPR - “pay por performance”** - estanse a aplicar nalgúns estados de EUA e de Europa, en todos eles cunha forte contestación por parte da comunidade educativa.

Pagar máis a quen traballa mellor parece moi razoable desde a lóxica neoliberal, pero está moi lonxe de ser unha das demandas que se escoitan nos centros educativos. O profesorado máis comprometido co seu traballo demanda medios, formación, tempo... Resulta difícil escoitar nunha escola afirmacións do tipo “se me pagan máis, heino facer mellor”. Se ben no L.B. non se aposta directamente por “pagar máis ás e aos mellores” - sen dúbida, por mor das políticas de austeridade - si se fai unha defensa destas políticas, obviando aquelas experiencias onde ten fracasado ou onde son contestadas polo conxunto do profesorado. Ademais, na defensa da conveniencia deste tipo de medidas cítanse estudos que vencellan os incentivos salariais coa mellora nos resultados das probas PISA, o que nos dá unha idea meridianamente clara de en que están a pensar cando falan dos “mellores docentes”.



As desvantaxes de introducir a xerarquía e a competencia dentro dunha profesión que esixe a colaboración como condición imprescindible para a súa calidade son evidentes, ademais de non resolver o problema fundamental que ten o sistema educativo se falamos en termos de calidade do profesorado.

¿Que facer con aqueles e aquelas docentes que carecen das estratexias para xestionar ben unha aula, que distorsionan os obxectivos cos que avalían, que non atenden acadamente a diversidade ou non colaboran, por poñer algúns exemplos, en proxectos de centro? Pensar que todos estes males que afectan de xeito desigual a unha parte do profesorado van desaparecer porque teñan ao lado compañeiras e compañeiros cobrando máis ou disfrutando doutro tipo de incentivos amosa un profundo descoñecemento - ou unha clara mala intención - da realidade do sistema educativo. A falta de vontade política de incidir directamente sobre estes aspectos negativos, constatada ata a actualidade, - inhibición da inspección, recortes en formación... - agudízase neste L. B. ao colocar o foco de atención no sitio erróneo.

***Avaliar o profesorado para mellorar os resultados**

Ninguén discute que o desempeño docente debe ser avaliado, e que unha avaliación ben deseñada pode ser unha boa ferramenta para mellorar a calidade do ensino, promovendo a reflexión e o debate sobre os múltiples aspectos que debe incluír o traballo docente. Estamos de acordo en que hai aspectos facilmente obxectivables sobre o desempeño docente, como pode ser a participación do profesorado en actividades do centro.

Porén, a polémica está servida cando se introduce como criterio prioritario para avaliar a práctica docente o progreso educativo do alumnado, sen entrar a explicar como se medirá este. A ninguén se lle escapa a dificultade deste aspecto, e o perigo que supón deixar a análise deste factor a probas externas que poden condicionar toda a práctica educativa. Conseguir bos resultados en probas estandarizadas sen que iso supoña unha mellora da aprendizaxe por parte do alumnado é relativamente doado; levar a práctica educativa nesta dirección pola vía de avaliar o profesorado polos resultados do alumnado é un dos perigos maiores da avaliación así deseñada. Outro aspecto non menor é a introdución de desavinzas entre o profesorado pola escolla do mellor alumnado, podendo chegar a reproducirse o bucle que xa se dá entre a escola pública e a concertada: coa escusa da liberdade da escolla de centro por parte das familias, realmente son os centros os que escollen as familias de procedencia do alumnado. O profesorado mellor avaliado estaría mellor posicionado, neste conxunto de medidas presentadas no L. B., para escoller o mellor alumnado.

Cómpre salientar, finalmente, que a OCDE fala de varios tipos de avaliación a introducir nos diversos sistemas educativos: avaliación do sistema, avaliación dos centros escolares e avaliación do estudantado. No L.B. só se presta atención a avaliación do profesorado e dos centros escolares, coma unha mostra máis do nesgado deste documento como punto de partida para un debate rigoroso sobre a educación. Sirva de exemplo un dato recollido no propio informe: a OCDE afirma que só se avalían un 10% das políticas de reformas emprendidas. ¿A quen lle sorprende, entón, que no L.B. se afirme que non hai cultura da avaliación no noso país, ao mesmo tempo que desaparecen probas que levaban algúns anos aplicándose, coma a Avaliación de Diagnose, sen ningún estudo que sirva para xustificar esta decisión?

***A autonomía dos centros como elemento fundamental**

Unha maior autonomía dos centros é unha demanda histórica dos MRP e das organizacións sindicais. Porén, quen agora presenta a autonomía dos centros como peza chave para a calidade educativa faíno desde unhas coordenadas completamente diferentes ás de aqueles. Cómpre só lembrar como a LOMCE dinamita de facto, coa súa recentralización dos currículos, a posibilidade dunha auténtica autonomía pedagóxica por parte dos centros.

Nesta neolinguae liberal “autonomía dos centros” é sinónimo de direccións profesionalizadas con capacidade de decisión sobre os cadros de persoal do centro, e de competencia entre centros na loita polos recursos necesarios. A ameaza maior desta redefinición da autonomía dos centros non é a oportunidade que se perde de enfocala doutro xeito realmente arrequecedor, senón o abandono do principio de igualdade de oportunidades para todo o alumnado.

Aceptar como modelo organizativo que os centros que mellor funcionen - independentemente de como definamos isto- son merecedores de máis recursos de calquera tipo, supón aceptar a existencia de centros de primeira e centros de segunda, é dicir, de alumnado de primeira e alumnado de segunda. Constatar que esta realidade xa existe non fai máis que reforzar a necesidade de non renunciar a defender a igualdade como principio para non perdermos de vista o horizonte que aspiramos a acadar. Isto é, nin máis nin menos, o que nos xogamos coas políticas neoliberais na educación

estudo da formación profesional a distancia en Galicia

Ofrecer a posibilidade de obter un título oficial de grao medio ou superior de formación profesional no sistema de educación público mediante a modalidade de e-learning ten unha gran relevancia social e económica. No actual contexto de crise a FP preséntase como unha oportunidade para acceder ao mercado laboral. Ademais, a modalidade a distancia permite, potencialmente, cursar os estudos en calquera momento e lugar, o cal cobra especial relevancia en Galicia, onde a poboación é dispersa e de marcado carácter rural. De aí a importancia de que esta modalidade de ensino se implante con criterios científico-pedagóxicos axeitados.

Durante o curso 2011-2012 tiven a oportunidade, por xentileza do IES San Clemente, de acceder a algúns datos estatísticos sobre certos indicadores da modalidade a distancia que estaban a impartir. Sorprendeume que existisen diferenzas tan importantes entre esta modalidade e o réxime ordinario presencial. Por exemplo, **o índice de abandono** durante o primeiro curso era moi superior (63% en distancia fronte ao 18% en presencial), o cal me fixo pensar na existencia de dificultades importantes para que o alumnado finalizase exitosamente os seus estudos no réxime a distancia.

Un ano antes, no curso académico 2010-2011, o goberno autonómico decidía ofertar, **de maneira experimental e con enorme atraso fronte a outras comunidades autónomas**, a modalidade chamada semipresencial e a distancia de formación profesional (FPD en diante). A administración autonómica galega non realizou, polo menos de maneira pública, ningún estudo que permita responder con criterios educativos obxectivos ás necesidades destes ensinos en Galicia. Ante a ausencia de estudos deste tipo, dende o grupo de Tecnoloxía Educativa do Departamento de Didáctica e Organización Escolar da Universidade de Santiago de Compostela decidimos no ano 2012 comezar un traballo de investigación para analizar en profundidade como se está desenvolvendo a práctica educativa na FPD en Galicia e identificar as razóns polas que se producen uns elevados índices de abandono.

Nun primeiro momento barallamos a posibilidade de utilizar indicadores cuantitativos (alumnado activo na aula virtual, tempo medio de corrección dunha tarefa, etc.) a partir dos datos que manexa a propia Xunta, o cal permitiría relacionar estatisticamente, de forma sinxela, variables para tomar decisións de carácter pedagóxico e organizativo. Con todo, **as respostas por parte da Consellería de Educación foron esquivas e resultou imposible acceder a esta valiosa información**. Por iso, optamos por realizar unha análise descritiva do sistema a distancia. Debido á complexidade desta tarefa enfocouse o problema utilizando dous instrumentos de recollida de datos: o cuestionario e a entrevista semiestruturada aplicada a todos os actores (alumnado, profesorado e membros da Administración) que nos permitiron triangular os resultados e identificar puntos débiles e fortalezas en relación con catro dimensións de estudo: (1) **a metodoloxía de ensino-aprendizaxe**; (2) **as ferramentas tecnolóxicas empregadas**; (3) **as competencias de alumnado e profesorado para**

a aprendizaxe virtual e (4) os aspectos organizativos deseñados pola Administración. O traballo completo, no que se describe detalladamente a metodoloxía de investigación, os instrumentos empregados, as dimensións do estudo, etc., pode descargarse da seguinte ligazón: <https://www.educacion.gob.es/teseo/mostrarRef.do?ref=1209048>. Amosamos de seguido un resumo das principais conclusión e recomendacións deste estudo.

contidos educativos

Os contidos institucionais constitúen, ao noso xuízo, un dos grandes problemas da FPD. De feito, unha das cuestións omnipresentes en todo o estudo é a crítica unánime de docentes e estudantes en relación cos materiais institucionais. Ambos son contundentes á hora de manifestar as súas valoracións afirmando, entre outras cousas, que os contidos están obsoletos, conteñen erratas e, ademais, non se poden actualizar. Ao seu criterio, non inclúen suficientes exercicios prácticos e, en certos casos, non se adecúan á materia ou aos estudantes. A seguinte táboa mostra a valoración global dos docentes participantes no estudo en relación coa calidade e a adecuación dos materiais institucionais á modalidade de ensino (escala 1-5 onde 1 é o mínimo e 5 o máximo):

Táboa 1. Valoración dos contidos institucionais por parte do profesorado

	Media	Desviación típica	N
Valoración global	2.35	0.69	42

Por outra banda, resulta imprescindible **cambiar o enfoque pedagóxico característico da web 1.0 promovido pola Administración** que impón a utilización dos contidos educativos colgados previamente en formato PDF na aula e subtrae aos profesionais do ensino da toma de decisións fundamentais no proceso de deseño e planificación desta modalidade. A metodoloxía debe centrarse no estudante e promover un deseño pedagóxico regulable e adaptado ás súas necesidades, en lugar de situar a PLATEGA (o contorno educativo institucional) e os seus contidos no centro do proceso.

Os contidos institucionais deben ser abertos e débese implicar ao profesorado na súa actualización e mantemento, como se fai noutras comunidades autónomas, como Andalucía. A utilización ou non destes materiais para impartir a formación debe deixarse a elección do propio profesorado. A última información da que dispoñemos indican que a Administración parece que xa está barallando esta posibilidade.

formación institucional

En relación coa formación institucional o traballo de investigación realizado permitiu concluir que a oferta e a calidade dos cursos específicos para o profesorado que imparte distancia (“Programación didáctica”, “Plataforma de formación” e “Titoría”) son **insuficientes para facilitar a transición do modelo presencial ao virtual**. A valoración que fan os docentes desta formación para a docencia virtual é alarmantemente baixa como se ve na seguinte figura:




Ilustración 1. Valoración do profesorado sobre a formación institucional para a docencia virtual

Os docentes necesitan formación en estratexias didácticas que lles faciliten o paso de metodoloxías de ensino transmisivas a **metodoloxías alternativas propias da modalidade a distancia**. Recoméndase, tamén, que a oferta formativa institucional para a FPD se amplíe para mellorar as *soft skills* dos docentes, en especial as referidas á motivación do alumnado e a comunicación non verbal para xestionar axeitadamente as interaccións en foros, mensaxería ou a través do correo-e.

Por outra banda, detectamos no estudo que o profesorado posúe as competencias elementais a nivel técnico, didáctico e para o deseño de escenarios formativos con TIC. No entanto, carece de coñecemento suficiente para o manexo técnico, a integración didáctica e o deseño de escenarios formativos con ferramentas 2.0, base da aprendizaxe conectiva, polo que se recomenda incrementar a oferta institucional nesta dirección.

marco normativo obsoleto

A orde que regula a formación profesional a distancia en Galicia segue sendo de carácter experimental, despois de cinco anos desde a primeira implantación como piloto (orde do 5 de novembro de 2010 pola que se establece, **con carácter experimental**, a ordenación da formación profesional inicial polo réxime para as persoas adultas nas modalidades a distancia e semipresencial). Os responsables institucionais, durante as entrevistas que lles realizamos, afirmaron ter *feedback* dos docentes que lles permitiría mellorar a organización da FPD. É inexplicable, entón, que a Administración non fixera absolutamente nada no referido ao marco lexislativo para recoller estas suxestións, así como a información que manexan respecto a esta modalidade.

información durante a matrícula

O traballo de investigación realizado permite concluir que existe un gran descoñecemento entre o alumnado sobre esta modalidade de estudos (tempo de dedicación, metodoloxía, carga lectiva, etc.) Os elevados índices de abandono teñen unha relación directa coa falta de información proporcionada ao alumnado no momento da matrícula.

Hai que mellorar o servizo de orientación pedagóxica en cada centro que só se utiliza a petición expresa do estudante, dándolle maior visibilidade. É esencial proporcionar “consellos de matrícula” personalizados e reforzar a formación dos equipos de orientación para facilitar unha asesoría de calidade, non tan dirixida a saídas profesionais, senón ao que se van atopar na modalidade de FPD. Debe prestarse especial atención a mellorar a información relacionada coa carga lectiva, a dedicación, posibles itinerarios formativos, etc., especialmente para aqueles que se atopan traballando. Dende o inicio deste traballo de investigación a Administración tomou algunha medida neste sentido, aínda insuficientes, ao publicar recomendacións de itinerarios formativos na súa páxina web.

Así mesmo, sería sinxelo e posible dispor dunha aula virtual de exemplo cun módulo profesional do ciclo que se vaia estudar para que o estudante se faga unha idea do que vai ter que traballar e de que maneira.

Por outra banda, é fundamental a creación de **cursos de nivelación** abertos que permitan garantir uns coñecementos mínimos do alumnado sobre os aspectos fundamentais do ciclo ou módulo que se vai estudar para reducir, na medida do posible, a elevada heteroxenidade dos perfís (alumnado con moita experiencia no sector fronte a estudantes sen ningún coñecemento previo).

uso de tecnoloxías para a docencia virtual

A modalidade de FPD en Galicia non obriga á asistencia ás sesións presenciais. A potencialidade das TIC permitiría desenvolver aquelas experiencias de aprendizaxe que son complicadas de trasladar a distancia, é dicir, as procedimentais e as relacionadas coas prácticas de taller. Nestes casos hai que reforzar o ensino virtual con simuladores software e ferramentas que permitan a conexión de estudantes mediante sistemas de retransmisión en tempo real (webinars ou similares). Asemade, hai que fomentar nos docentes o uso de software e equipamento de gravación de clases e videotutoriais.

Existe un déficit en canto ao uso didáctico de ferramentas 2.0, polo que hai que fomentar o uso delas para mellorar a aprendizaxe social, levar a aprendizaxe fóra da aula (virtual e física) e xerar escenarios de comunicación e colaboración que potencien a interacción, o debate/reflexión conxunta e o traballo en grupo.




Ilustración 2: Uso das ferramentas de PLATEGA por parte do profesorado

Hai que fomentar o uso das ferramentas dispoñibles en PLATEGA para dotar a aula de maior interactividade e dinamismo. Neste sentido, é especialmente importante utilizar aquelas ferramentas da plataforma institucional que permitan a avaliación entre pares (ferramenta workshop), o traballo colaborativo, facer o seguimento do estudante, así como ofrecer *feedback*, tanto global como personalizado.

flexibilidade e personalización do ensino da FPD

É indispensable **mellorar a planificación das sesións presenciais** para que os estudantes coñezan con antelación que se vai facer en cada unha, así como que contidos teóricos e prácticos se van traballar. O estudante pode así optimizar o uso do seu tempo. Unha metodoloxía baseada na *flipped classroom* pode axudar neste sentido. Así mesmo, deberíase permitir ao estudante a posibilidade de asistir en distintas datas á mesma sesión presencial para dotar de maior flexibilidade a esta modalidade, como se fai, por exemplo, en Cataluña.

Os estudantes reclaman tamén a posibilidade de asistir ás probas de avaliación oficiais en diferentes datas.

No estudo detectamos que é necesario utilizar metodoloxías de ensino que permitan flexibilizar o sistema de aprendizaxe, no sentido de que o alumno poida estudar en calquera momento e lugar. Para iso, os docentes deben dominar o uso de tecnoloxías que permitan a gravación de píulas informativas (vídeos de curta duración) e a súa publicación na Rede, así como sistemas de titorización en liña.

redución do número de estudantes por aula

No estudo realizado os docentes manifestaron ser conscientes de que **o ensino virtual require maior dedicación que o presencial**, tanto do profesorado como do alumnado. Por tanto, reclaman menos estudantes por aula virtual e unha redución horaria para o profesorado que imparte en distancia, acorde coa maior dedicación necesaria. Así mesmo, os docentes queixáronse con frecuencia da falta de tempo para poder impartir todos os contidos nesta modalidade.

Atopámonos co paradoxo de que o alto índice de abandono, froito entre outros factores da imposibilidade de atender persoalmente a 50 estudantes nunha aula virtual, provoca, a medida que se avanza no curso académico, unha redución drástica de alumnado, chegando algúns docentes a atender a menos dunha decena de estudantes ao final do curso. Estes abandonos poderían reducirse mellorando a atención personalizada dos estudantes, así como realizando un correcto labor de seguimento e motivación, o cal é impensable con 50 estudantes por aula.

O feito de que a Administración eleve o número de estudantes por aula nesta modalidade (en presencial son 30 estudantes por aula) leva implícita unha concepción da mesma meramente transmisiva e mecánica segundo a cal a formación a distancia permite **“facer máis con menos”** ou o que é o mesmo, o proceso educativo é o menos importante. A chave estaría nos materiais e a súa distribución masiva. **Profundo erro conceptual** que explica algunhas das deficiencias desta modalidade formativa en Galicia.

Contacto: jesusav@edu.xunta.es

Blogue do autor: <https://fptendencias.blogspot.com>

Twitter: @jarri

acceso libre, o grande esquecido na loita sindical

Din que están na flor da vida, que veñen de bos anos de ambiente universitario: noites con cheiro a tabaco e ron barato seguidas de días iluminados por un tubo fluorescente sobre mesas de biblioteca.

Din que son novos, que teñen a mente chea de cousas recién aprendidas, que están afeitos a estudar moitas horas e contan coa sorte do principiante.

Din que viven cos seus pais, que non traballan e que non precisan máis sustento ca cincuenta euros para a fin de semana.

Din que non están preparados, que lles falta experiencia e lles sobra arrogancia.

Din que poden esperar, que teñen toda a vida para acadar os seus soños e que é o tempo de outros que xa estaban aí antes ca eles.

Din que é polo ben da maioría, en aras da estabilidade. A estabilidade de quen?

Ninguén fala das horas de esforzo, do tempo empregado en acadar obxectivos. Perdendo, si, perdendo, os mellores anos das súas vidas.

Ninguén fala dos traballos por horas, das copas servidas en antros de mala morte, dos folletos publicitarios repartidos os domingos para sacar catro duros.

Ninguén fala da ilusión, das gañas de comerse o mundo, de innovar, de aprender e de ensinar.

Ninguén entende que non se trata de esperas, que a vida non agarda por un, que o mundo xira e que tódalas persoas tratan de subirse ao seu lombo.

Ninguén se pon no lugar do outro. Nin por un intre se pensa en que todos deben ser tratados de igual modo.

Ninguén parece recordar que noutra época, todos fixemos algo por primeira vez e, naquel intre, quixemos que fose en igualdade de dereitos.

Chegada ao peirao de Porto Empédocle (Sicilia) da nave Lybra da Mariña Militar Italiana, con 56 superviventes e 180 inmigrantes recuperados en diversas operacións no Mar Mediterráneo.
Fotografía: Carlos Folgoso

Lucía Flora López Pérez

aulas libres

13

humana reinnovación educativa

Miña preciosa nai está na Arxentina, coa tía avoa emigrante e toda a longa prole nada aló. Grazas. Milleiros de desesperadas almas galegas ao longo do século pasado atoparon casa nesas terras.

A Carta Universal dos Dereitos Humanos conseguiuase tras unha guerra mundial e as mortes de decenas de millóns de persoas. Só deste xeito as principais nacións uníronse para conformalos. Constitúen a base necesaria. Sen eles resulta imposible acadar a felicidade no noso Planeta pois non haberá seguridade, liberdade ou oportunidade posible. O dereito ao asilo aparece recollido no art. 14 no que determina que “Toda persoa suxeita a persecución ten o dereito de procurar e de beneficiarse de asilo noutros países”.

Mais non se cumpre. Pecháronse as fronteiras europeas. Reforzáronse as redes mafiosas de tráfico de persoas. Segundo Europol, máis de 10.000 nenas e nenos migrantes desapareceron. Explotación sexual. Tráfico de órganos. Mortes. A organización galega Pallasos en Rebeldía, en palabras do portavoz Iván Prado, afirmaba que “debemos denunciar as estruturas de terror global que están gobernando o mundo agora mesmo: as políticas vexatorias e xenocidas da Unión Europea en materia de temas fronteirizos”. Elas e eles fixérono patente desprazándose a Idomeni (fronteira entre Grecia e Macedonia) con máis de 15.000 refuxiados bloqueados e posteriormente a Calais (Francia). En case todas as cidades estanse convocando mobilizacións en contra do acordo entre a UE e goberno autoritario de Turquía. Medida aséptica e analítica de control dos refuxiados. Óptima. Cumpridora dos catro adorados “I”: inxusta, ilegal, inhumana e inmoral.

E entre mentres... o Sistema Educativo a rodar... Clases de economía, modelo económico neoliberal, “non hai outro igual”...

A Declaración Universal dos Dereitos do Home (e da Muller) é o principal instrumento dos Dereitos Humanos no mundo. Pero tales dereitos contrapóñense directamente

con este modelo económico. En palabras de Clara Valverde Gefaell: *De la Necropolítica neoliberal a la empatía radical*, Icaria, 2015 “o neoliberalismo non precisa armas para matar os excluídos. Mediante as súas políticas, os corpos que estorban viven mortos en vida ou déixaos morrer porque non son rendibles”. Eficacia e eficiencia. Pero cun revés ao non considerar que os marxinalizados teñen o grandísimo poder de ser unha ameaza dende a súa exclusión. “Sen darse conta nen propoñelo, eses corpos resoantes actúan coma altavoces que poñen en evidencia todas as inxustizas do sistema. Teñen o potencial de inspirar no resto da sociedade a necesaria repotilización: unha empatía radical que podería converterse en revolta”. Mais para que iso aconteza, as mestras e mestres deben sentir o seu grandísimo papel responsable de traballo e poder implícito na función docente. Alumea e guía no camiño.

Saberes que non son novos aínda que semellan esquecidos... A principios do século pasado, a Institución Libre de Ensinanza cría neles. O ilustrísimo pedagogo Manuel Bartolomé Cossío referíase ao papel da mestra/mestre como “o do artista da máis delicada das artes: pois era quen de espertar a arte da vida na súa íntegra e harmónica totalidade”. Arte da vida a todos os niveis. Arte da vida en consonancia coa memoria histórica. Arte da vida baseada na empatía. Arte da vida buscando o benestar global. Arte da vida buscada con arte ouvindo o teu corazón. Transmitindo e evidenciando o teu contorno. Respostando ás demandas que hoxe, neste momento, presenta.

Arte sen excusas.

Arte que se nega a mirar ao outro lado.

opinión

espazos libres de machismo

A Asemblea de Mulleres do STEG, conxuntamente coa Organización de Mujeres da Confederación Intersindical, queremos presentarvos o proxecto **“Espazos libres de machismo”**, unha iniciativa que xorde para dar continuidade á histórica xornada de loita feminista que tivo lugar o pasado 7 de novembro de 2015 en Madrid, a chamada Marcha Estatal contra as Violencias Machistas.

Os feminicidios representan a expresión última e máis miserable das violencias machistas. O ano pasado perderon a vida 93 mulleres por esa causa e no corrente, nos tres primeiros meses transcorridos, xa van 25 mulleres máis asasinadas.

Se queremos rematar co drama social que supoñen os feminicidios temos que combater o machismo en todos os seus ámbitos, incluíndo, como non, o laboral. As persoas do STEG, sindicato de profesorado, somos conscientes de que a educación do alumnado no valor da igualdade é esencial para podermos axudar a mudar a sociedade. Só incidindo na educación das persoas máis novas teremos posibilidades reais de superar esta lacra social.

A campaña **Espazos libre de machismo** desévolvase a nivel estatal e está concibida como unha proposta dirixida a todo tipo de sectores, desde asembleas de traballadoras e traballadores de calquera centro, fábrica, colexio, etc. até asociacións ou entidades cívicas de toda índole.

Basicamente consiste en que as traballadoras e os traballadores ou as persoas asociadas a calquera entidade cívica que así o consensúen en asemblea declaren o seu centro de traballo ou entidade como **“Espazo libre de machismo”**. Ao realizar esta declaración comprométese a velar por garantir os dereitos, a integridade e as liberdades das persoas que traballan, fan parte ou concorren nese espazo. As persoas que se sumen ao proxecto comprométese asemade a denunciar calquera situación de trato desigual ou vexatorio que poidan sufrir as súas compañeiras no seu posto de traballo ou no seu ámbito societario. E ademais, tratarán de axudar a vítima e dar unha resposta conxunta para solucionar ese trato discriminatorio.

Desta forma queremos contribuír a poñer fin a situacións de acoso sexual no ámbito laboral; á fenda salarial que existe entre homes e mulleres; ao bloqueio que sofren as traballadoras para poder acceder a postos de responsabilidade e dirección; aos atrancos para poder conciliar axeitadamente a vida laboral coa



vida familiar e, finalmente, aos micromachismos e esterotipos de xénero que, por desgraza, están tan arraigados na nosa cultura.

Con esta iniciativa pretendemos axudar a que nos centros de traballo se cumpra o artigo 2º da Declaración Universal de Dereitos Humanos, que expón, dito de xeito resumido, que todas as persoas temos os mesmos dereitos e liberdades sen distinción ningunha de sexo, e queremos tamén contribuír á eliminación dos esterotipos de xénero, tal e como propón a resolución do 12 de marzo de 2013 do Parlamento Europeo.

Como sindicato de traballadoras e traballadores do ensino público, o STEG quere sumarse a esta campaña porque no noso ámbito, aínda que hai igualdade a nivel salarial, constatamos que as traballadoras dos



centros temos aínda moito por conquistar (as direccións seguen a estar maioritariamente ocupadas por homes cando as mulleres somos maioría no eido educativo, por exemplo) e, como acontece no resto da sociedade, seguimos sufrindo situacións de machismos tanto no sutil (micromachismos) como no evidente.

O STEG está enviando aos centros educativos (concretamente ás xefaturas de estudos e aos departamentos de Orientación, para que llo fagan chegar ao resto do profesorado), un correo electrónico desta campaña, no que se inclúen:

- Propostas de actividades para traballar na aula, nos distintos niveis, temas como a fenda salarial, os estereotipos de xénero, os micromachismos, o acceso a postos de responsabilidade por parte das mulleres, o acoso sexual, a conciliación corresponsable da vida laboral e familiar, etc.

- Un cartaz da campaña.

- Diversos Manifestos para os distintos niveis do alumnado (infantil-primaria, secundaria-bacharelato e persoas adultas), para que, despois de traballar estes temas, as aulas que así o decidan poidan declararse e constituírse en espazo libre de machismo e coloquen o cartaz nun lugar visible para o todo o mundo.

- Un Manifesto para o claustro ou consello escolar, para que se poida formular a proposta correspondente neses órganos e o centro poida declararse formalmente como tal espazo libre de machismo.

Desde estas liñas animamos a toda a comunidade educativa galega a sumarse a esta campaña e a acadar que nos nosos centros de ensino a igualdade e o respecto entre todas e todos sexa o máis axiña posible unha realidade.

As persoas que estean interesadas no proxecto ou queiran dispoñer de máis información sobre el poden acceder ao correspondente enlace na páxina web do noso sindicato (<http://steg.gal>). Cos centros de traballo (sexan de ensino ou non) que adhiran ao proxecto crearemos unha **Rede de espazos libres de machismo**, para que poidan contactar entre si e articulen do mellor xeito a aplicación e extensión do mesmo a novos ámbitos. Para iso creamos unha conta de correo electrónico dende a que xestionalo: espazoslibresdemachismo@gmail.com.

LYSISTRATA



sexo e política

notas á lectura de lisístrata de aristófanes

Como se indica no título, esbózase nesta colaboración unha lectura persoal, pretendidamente axeitada aos tempos de hoxe, dun coñecido clásico intemporal que forma parte do patrimonio común da literatura universal.

Síntese argumental

Farta de soportar as penosas consecuencias da guerra entre atenienses e espartanos, Lisístrata diseña un plan, tan orixinal como radical, para acabar coas hostilidades dunha vez por todas. Para iso, convoca as mulleres dos dous bandos e invítaas a tomar unha decisión que ha de resultar clave para conseguir o seu obxectivo: declarar unha folga de sexo contra os seus homes en tanto que non se aveñan a restablecer a paz. Asemade, para estrangular economicamente o desenvolvemento da guerra, as mulleres atenienses han de facerse fortes na Acrópole e impedirlles aos homes o acceso ao tesouro da cidade. O plan choca coa desconfianza dalgunhas das súas concidadás, pero conta co apoio sen reservas da representante do bando espartano; dese xeito, levarase adiante ata as últimas consecuencias, que non han de ser outras en definitiva senón a consecución da tan desexada paz.

O núcleo da acción dramática ocúpase dunha serie de conflitos, e das súas respectivas resolucións, que o plan das mulleres orixina e que a profesora Elsa García Novo identifica como unha tripla confrontación *Lisístrata* / *restantes mulleres, mulleres* / *homes e atenienses* / *espartanos*.

Convén destacar, en primeiro lugar, que na idea de Lisístrata está tanto o apoderarse da paixón masculina na súa vertente máis prístina: a sexual (coa intención de afogar a súa sublimación na pulsión destrutiva: a práctica da guerra, ocupación claramente masculina), como o facerse co control económico da cidade (sen o cal resulta moi dificultoso continuar co proxecto bélico, pois o monstro da guerra aliméntase en igual medida das paixóns e dos bens humanos). Trátase, pois, dunha toma total do poder para, desde el, realizar un xiro copernicano na situación e establecer unha nova orde social. É unha acción revolucionaria orientada á defensa dos intereses da comunidade en beneficio de todos.

Estamos diante dun enfrontamento entre dous xeitos de estar no mundo, dúas concepcións políticas opostas: por unha banda, a que encarna Lisístrata, que é seguida con máis ou menos entusiasmo polas mulleres da obra; por outra, a representada polos personaxes masculinos da obra sen excepción. Se o segundo pon de manifesto o discurso dominante tradicional, o discurso do poder, tradicionalmente masculino, baseado en principios de expansión e dominio pola coacción do máis forte sobre o máis débil, o primeiro representa unha transgresión a ese discurso dominante, unha proposta alternativa e diverxente baseada máis na xustiza, o sentido común e o pragmatismo:

LISÍSTRATA. Igual que o fío, cando se nos encerellou, collémolo así (Mostra con xestos o que está dicindo), e cos fusos por unha banda e por outra, traémolo ao seu sitio, así tamén desenmarañaremos esta guerra, se é que nos deixan facer, poñendo as cousas no seu sitio por medio de embaixadas a unha banda e á outra.

COMISARIO. Así que con las, fíos e fusos, credes que ides poñer fin a uns asuntos tan terribles? Que necias!

LISÍSTRATA. Si, e tamén vós, se tivésedes un chisco de sentido común, segundo as nosas las gobernariades todo.

Lisístrata apóiase na razón da xustiza e na práctica “humanista” (feminista poderíamos dicir, a condición de entender por feminismo un movemento liberador tanto de mulleres como de homes) de aprecio pola vida en paz e liberdade, de respecto polas minorías, polos débiles, polas mulleres e os homes que viven honrada e pacificamente do seu traballo e que renuncian expresa e conscientemente á explotación do próximo. Nese sentido é digna de destacar a reivindicación do vivir campesiño que se atopa ao final da obra e que constitúe un dos puntos en común, un dos factores de concordia entre espartanos e atenienses, xunto co desexo de vivir coas súas mulleres, o gusto polo viño, a identidade de raza e de relixión, así como a presenza dun inimigo común: o persa.

Trátase dun discurso verdadeiramente revolucionario e actual, intemporal, que moi acertadamente está posto por Aristófanes en boca dunha muller, pois non se debe esquecer que na Grecia clásica a muller non é suxeito de

dereito fóra do ámbito doméstico e vive sempre supeditada a un varón. Escoitemos a queixa de Lisístrata: *"Fodidísima ralea a nosa, toda enteira. Non sen razón as traxedias fanse ao noso custo, pois non somos máis nada que foder e parir"*.

Por iso, a forza transgresora da proposta vese realzada desde o principio polo feito de ser expresada desde dentro da comunidade e por un membro da mesma privado de capacidade política. A mera eventualidade de converter en suxeito de discurso político a unha muller xa o dota dunha certa carga de insubmisión social subversiva que vai máis aló do anecdótico. Pódese entender unha lectura en clave feminista, mais isto non debe ser óbice para percibir que o que oculta é fundamentalmente un acto de emancipación política e social que afecta á totalidade da comunidade, que non está exclusivamente ao servizo dun individuo, dunha minoría ou de sector en particular.

Como se apuntaba antes, o feminismo é liberador na medida en que engloba a homes e mulleres por igual; na medida en que serve para liberar a todas as mulleres do dominio dos homes, pero tamén do dalgunhas mulleres; na medida en que contribúe a emancipar aos homes do dominio doutros homes; na medida en que libera, en definitiva, a homes e mulleres das prácticas opresivas impostas desde o poder, tradicionalmente exercido por varóns, e dunha cultura clasista que ademais asigna uns roles diferenciados a homes e mulleres, nos cales á muller lle corresponde un papel subordinado dentro da clase á que pertence.

A proposta de Lisístrata non é a de substituír nominalmente aos varóns para exercer unha política en todo semellante excepto, iso si, na asignación de postos de responsabilidade a mulleres. En termos actuais, non propón que haxa máis banqueiras, máis mulleres nos consellos de dirección das grandes empresas, máis mulleres militares no Estado Maior do exército, máis conselleiras, máis presidentas de comunidades autónomas, máis ministras ou máis

xefas de Estado. A cerna da deboura non estriba en substituír a Mariano por Soraya ou a Emilio por Patricia, se se nos permite a falta de fineza, pois consideramos pouco probable que neses exemplos o cambio supoña gran cousa a efectos de transformación emancipadora. Non propón a paridade nominal sen máis se iso non supón un cambio de dinámica, de liña de actuación, de obxectivos e de medios para conseguilos. Claro que tamén podemos pensar que, na medida en que a muller se incorpore a eses cargos e incremente a súa presenza neses órganos, irán cambiando as cousas; pero permítasenos expresar as nosas reservas, pois non debemos esquecer que as institucións crean unhas dinámicas propias baseadas nuns códigos específicos e que adoita resultar máis fácil que os individuos se adapten a eles que estes sexan modificados nun sentido oposto ao dos propios organismos instituídos.

O proxecto de Lisístrata é revolucionario porque está cargado de razón, de lóxica, de sentido común, de coñecemento e de amor polos seres humanos. Desde eses presupostos realiza ademais unha chamada á concordia, á fraternidade, ao entendemento e á paz desde a liberdade e a igualdade, pero sen deixar de recoñecer as diferenzas de sexo e de cultura que forman parte da natureza humana, tan complexa pero tan simple ao mesmo tempo.

Os seres humanos, tios ou troianos, atenienses ou espartanos, palestinos ou israelís, occidentais ou orientais, presentan na súa constitución esencial maior afinidade da que aparentan nos seus circunstanciais avatares (no sentido tecnolóxico moderno) condicionados polo sexo, a cultura, a relixión, a ideoloxía, etc. Ben é certo que case sempre dá a impresión de que pesa máis a codia, o continente, a casca do que o núcleo, o contido, o interior; pero é unha falsa aparencia que a miúdo se ve reforzada por certas minorías a cuxos intereses serve e responde esa percepción e da cal sacan partido. Convén, para finalizar, aproveitar a lección de Lisístrata, quen é capaz de obter o resultado perseguido grazas ao bo coñecemento que ten da natureza humana e que non claudica en ningún momento dos seus principios, entre os que destaca o pleno dereito a unha vida gozosa en todos os sentidos, aínda que teña que renunciar temporalmente ao pracer sexual matrimonial, tan apetecido pola muller como polo varón.

LYSISTRATA.



ilustracións de Aubrey Beardsley

experiencias de aula

desaprendendo o sexismo desde as aulas: o dereito á coeducación

A posta en marcha deste proxecto no curso 13-14 xurde da vontade dun grupo de docentes de implementar no IES Fontexería, de Muros, un **Plan de Igualdade** que permee toda a vida do centro. Conscientes dos riscos que supuña “comezar a casa polo tellado”, e de que “o papel aguántao todo”, coidamos prioritario traballar directamente co alumnado a través das titorías e das materias impartidas polo profesorado implicado no proxecto. Deste xeito, considerabamos que poderíamos dar unha resposta axeitada, ao longo do curso, non só as necesidades que detectásemos no noso alumnado, mais tamén ás carencias formativas do propio profesorado en materia de coeducación. Froito desta análise, hai tres anos decidimos comezar polo ámbito mellor coñecido polas e polos docentes: o currículo escolar. Comezamos 7 departamentos didácticos e Orientación; a experiencia foi avaliada positivamente e decidimos ampliar o noso enfoque. Na actualidade son 10 os departamentos implicados no proxecto, e os obxectivos que nos marcamos estrutúranse arredor de catros eixes temáticos:

1. A visibilización das achegas das mulleres á construción das nosas sociedades a través das diversas disciplinas escolares: **“Por unha xenealoxía feminina nos currículos escolares”**.
2. O coñecemento da historia da loita das mulleres polos seus dereitos sociais e políticos: **“Pioneiras de dereitos, construtoras de igualdade”**.
3. A prevención da violencia de xénero e promoción de relacións igualitarias: **“Os mitos do amor “romántico” prexudican seriamente a igualdade”**.
4. A promoción do respecto á diferenza por orientación sexual e a prevención do acoso LGTB-fóbico entre o alumnado: **“Non son o teu chiste”**.

E si, comprobamos día a día que o papel o aguenta todo. O que presentamos aquí como un proxecto estruturado - mesmo pensado por niveis educativos-, ten que redefinirse cada ano en función dos cursos e dos grupos que imparte cada docente participante. Tropeza coa dificultade de facer encaixar nos currículos sobrecargados e nas titorías - moitas veces infrautilizadas - contidos que precisan a miúdo de tempos que non se axeitan aos 50 minutos habituais nos horarios de secundaria. Apesar das dificultades organizativas, estamos a lograr o obxectivo de que todo o alumnado do centro remate a ESO tendo traballado contidos e actitudes dos catro bloques, ao tempo que se abordan tamén



outras cuestións transversais como a capacidade expositiva do alumnado ou o emprego de novas tecnoloxías.

A nosa valoración continúa a ser, xa que logo, moi positiva. Diversos factores nos inducen a non caer no desánimo: o alumnado e as familias perciben, sen xénero de dúbidas, o compromiso do centro coa igualdade entre homes e mulleres - así o teñen expresado en enquisas realizadas pola Consellaría -; as persoas que visitan o centro percíbennos igualmente, aínda que sexa só cun breve paseo polos corredores; o profesorado que colabora dun xeito ou doutro aumenta curso a curso...

Se ben nos falta deseñar unha ferramenta que permita avaliar con certo grao de obxectividade o alcance das actuacións realizadas, especialmente nun aspecto tan difícil de cuantificar como é o cambio en actitudes e prexuízos, constatamos no día a día da nosa práctica educativa como a perspectiva de xénero vai permeando moitas das intervencións do alumnado e o profesorado. Coidamos, pois, que o noso obxectivo de chegar a poñer en marcha un Plan de Igualdade no centro está máis perto ca nunca, e que unha boa parte do camiño témolo andado xa..

Algúns exemplos de actividades realizadas, organizadas por departamentos ou titorías nestes anos.

Economía: análise de diversos convenios laborais con perspectiva de xénero; análise da situación do



emprego feminino nos concellos de Muros e Carnota; realización do vídeo *Sementando igualdade: o traballo fóra do fogar*, sobre os traballos das mulleres campesiñas e obreiras en Galiza de finais do século XIX e principios do XX.

Xeografía e Historia: Charlas sobre a historia do feminismo occidental, desde a Ilustración ata a actualidade. Análise da situación das mulleres no mundo: acceso á educación, dereitos laborais, postos de responsabilidade política...

Filosofía: a construción cultural da identidade sexuada en diferentes épocas e culturas; análise dos estereotipos de xénero nas películas de Disney; análise da homofobia ao longo da historia e no mundo na actualidade.

Francés: seguemento e valoración da actualidade en Francia en temas relacionados coa igualdade: a polémica da "feminización do Panteón", e o Grand Prix da banda deseñada, coa proposta de mulleres por parte do alumnado. Realización do vídeo *Phrases Féminisme*.

Ciencias: análise de textos de prensa pseudocientíficos que reproducen estereotipos sexistas.


Lengua Española: realización de videotextos a partir do libro *Mujeres*, de Eduardo Galeano; análise e recreación do vídeo *Antipatriarca* de Anne Tujoux.

Matemáticas: análise estatística por parte do alumnado da enquisa sobre prexuízos realizada a todo o centro; traballo de mulleres matemáticas; análise do documental *Código*.

Lingua Galega: lectura e análise da obra *A piragua*, de Cándido Pazó; celebración do Día das Galegas nas Letras; traballos sobre a historia do feminismo en Galiza.

Inglés: análise do vídeo *Women's suffrage*; análise das obras de Jane Austen e Mary Wollstoncraft.

Titorías e Orientación: obradoiro de micromachismos nos medios audiovisuais, obradoiros de novas masculinidades, realización da bandeira do Orgullo Gay, realización da pirámide da violencia de xénero, celebración do 25 de novembro, 8 de marzo, 19 de marzo: "Día do home igualitario", campaña de coresponsabilidade no fogar.



manuel maría: unha crono-bio-bibliografía



Manuel María.
Fotografía: María Esteirán.

1929

Nace o 6 de outubro, en Outeiro de Rei (Lugo) Manuel María Fernández Teixeiro, primeiro fillo dos catro que terá o casal formado desde 1928 polos labregos de cómoda posición económica Antonio Fernández Núñez e Pastora Teixeiro Casanova.

1938

O neno Manuel María asiste en Rábade á escola de Bautista Núñez Varela, que, aínda que abusaba do caxato e falaba sempre en castelán, lía e comentaba textos en galego nas súas clases e espertou así a sensibilidade e a vocación literaria do raparigo.

1941

O preadolescente Manuel María escribe os seus primeiros versos.

1942

Inicia os estudos de Bacharelato no Instituto de Lugo

1943

A morte de seu pai por mor dunha peritonite, o 2 de maio, fai que se encargue do seu coidado e educación seu tío paterno José Fernández Núñez, sacerdote en Lugo.

1943-1946

Prepara os sucesivos cursos de bacharelato como alumno da Academia Galicia, rexentada polos maristas en Lugo. Pasa os veráns, parte en Outeiro de Rei coa nai e os irmáns, parte en Cespón (Boiro), cunha curmá do seu defunto pai.

1947-1948

En sexto curso, xa no Instituto de Lugo, recibe aulas de literatura do profesor salmantino Lázaro Montero, que lle descobre a poesía da

xeración do 27 española.

Comeza a asistir á tertulia intelectual do Café Méndez Núñez, á que acoden Luís Pimentel, Celestino Fernández de la Vega, Ánxel Xohán, Aquilino Iglesia Alvariño e Ánxel Fole, entre outros. Pronuncia a súa primeira conferencia no Círculo das Artes en Lugo.

1949

Funda en Lugo con Manuel Antonio Sopena a revista *Xístral*, que acolle nas súas páxinas os seus primeiros poemas éditos, como “A cantiga derradeira” e “Su sencillez”.

Escribe un pequeno poemario (11 textos) en español titulado *Marinero en la noche*.

Comeza a enviar colaboracións ao diario lugués *El Progreso* e ao compostelán *La Noche*.

Remata os estudos de bacharelato e aproba a “reválida”.

1950

Matrícula-se como alumno libre na Facultade de Filosofía e Letras en Compostela, mais reside habitualmente en Lugo e abandona os estudos no remate do curso, tras colleitar varios suspensos.

Publica o seu primeiro libro de poemas, *Muiñeiro de brétemas*, na colección “Benito Soto” de Pontevedra.

1951

Abandona os seus fanados estudos universitarios.

Escribe *Morrendo a cada intre*.

Aparecen catro contos seus no terceiro número dos *Cadernos Grial*.

A morte por atropelo automobilístico o 25 de marzo de seu irmán Jesús M^a, de tan só 13 anos, inspíralle unha fonda crise persoal e relixiosa, reflectida no *Libro de pregos*.

Asiste á primeira “Misa de Rosalía” en Compostela, o 25 de xullo.

1952

Realiza desde xaneiro a “mili”, primeiro no campamento de Parga, na propia Terra Cha, onde coincide con Uxío Novoneira, e logo en Compostela, onde dá clase aos seus compañeiros de cuartel analfabetos e frecuenta o trato de Carlos Maside, Otero Pedrayo, Fermín Bouza Brey, Borobó, Manuel Beiras García, Xosé M. Beiras, Ramón Piñeiro, Pilar Vázquez Cuesta, etc.

Pon en marcha co escritor e artista lugués Ánxel Johán, republicano represaliado, a colección de poesía “Xistral”, que edita libros de Cabanillas, Carballo Calero, Pura Vázquez, Luz Pozo, Casado Nieto e Manuel Carlos Vidal.

Conquista o primeiro premio dun certame poético do Centro Galego de Bos Aires co libro *Advento*.

Publica en Lugo *Morrendo a cada intre* e os *Contos do cuarto crecente*.

1953

Estuda para procurador dos Tribunais e dá algunhas conferencias sobre poesía galega.

1954

Publica en Arxentina, da man das Edicións Galicia do Centro Galego bonaerense, o poemario *Advento* e nas Edicións Celta de Lugo a primeira edición do seu emblemático *Terra Cha*, con limiar de Ánxel Fole.

Asiste ao III Congreso Internacional de Poesía, en Compostela, e traba amizade co poeta catalán Carles Riba.

Gaña os Xogos Florais de Ourense.

Envía colaboracións a *Opinión Gallega* de Bos Aires.

Pasa unha tempada con Novoneira no Courel. Dá unha conferencia en setembro, en Lugo, sobre a poesía de Noriega Varela.

Inicia as prácticas para procurador dos Tribunais no despacho de Luís Fernández Villar, en Lugo.

1955

Novo premio poético en Bos Aires, polo *Libro de pregos*.

Recita en Coruña, Betanzos, Lugo...

Envía colaboracións á revista *Galicia* de Bos Aires.

Envía colaboracións á revista *Vida Gallega*.

O “Galicia Programme” da BBC ocúpase do seu libro *Advento*.

É denunciado e xulgado por uns cantares de cego presuntamente calumniosos que circulan por Outeiro de Rei, mais resulta finalmente absolto.

1956

Escrebe o poemario *Documentos personaes*.

Coñece á súa futura compañeira e esposa, Saleta Goi García, de familia republicana represaliada.

1957

Aproba o exame para exercer oficialmente como procurador dos Tribunais.

Edita na revista *Quatro Ventos*, de Braga, o seu *Auto do taberneiro*.

Comeza a colaborar asiduamente co xornal coruñés *El Ideal Gallego*.

1958

Publica na Celta de Lugo o poemario *Documentos personaes*.

Colabora co xornal *Lugo* de Bos Aires e coa revista *Papeles de Son Armadans*, de Mallorca. Instálase en Monforte.

Perde aos seus amados mestres Pimentel e Maside.

Publica no Boletín da Academia Galega un estudo sobre a poesía de Fermín Bouza Brey.

1959

Recita e dá conferencias na Universidade de Uvieu.

Casa o 9 de maio con Saleta.


Dá aulas de Literatura na Academia Balmes de Monforte e colabora coa emisora de radio local.

1960

Gaña os Xogos Florais da Coruña e os de Betanzos.

Gaña o premio de teatro Villar Ponte en Bos Aires, co seu *Edipo*.

Publica na revista *Céltiga*, de Porto, o seu *Auto do labrego*.



1961

Publica na revista *Vida Gallega* o seu *Auto do mariñeiro*.

Edítase o seu único poemario en español, *Sermón para decir en cualquier tiempo*, escrito no verán de 1954.

1962

Edítase en Lugo, da man da imprenta Celta, o *Libro de pregos*.

Aparece a segunda edición, corrixida e aumentada, de *Contos en cuarto crecente*.

1963

Publica o poemario *Mar maior* na colección de poesía Salnés, promovida por Galaxia e dirixida por Celso Emilio Ferreiro.

Morre o 2 de febreiro o seu tío José Fernández Núñez.

1964

Viaxa a Portugal.

O 6 de agosto intégrase con Saleta e da man de Méndez Ferrín e M^a Xosé Queizán na UPG, acabada de crear na clandestinidade.

Edita na revista *Grial* un estudo sobre a poesía de Celso Emilio Ferreiro.

1965

Publica na revista *Grial* a novela curta “As augas van caudales”.

A Asociación Cultural “O Galo” premia a súa peza, aínda inédita, *A luz non volve atrás*.

1966

Publica na revista *Grial* a novela curta “Os alugados”.

Gaña os Xogos Florais de Foz.

Participa no banquete de despedida a Celso Emilio Ferreiro, que marcha para Venezuela.

1967

Reedita en Lugo o libro *Terra Cha*, ampliándoo ata os 91 poemas.

Presenta o cantautor valencí Raimon nun recital en Compostela e dedícalle un artigo en *Grial*.

Funda a editora Xistral e, dentro dela, a colección de poesía “Val de Lemos”, coa colaboración de Basilio Losada e Lois Diéguez.

1968

Publica en Lugo o poemario infantil *Os soños na gaiola*.

Prologa a novela de Lois Diéguez *A Torre de Babel*.

Publica na colección Val do Lemos da súa editora Xistral o poemario *Proba documental*.

Grava en Barcelona o disco *Manuel María: poemas ditos coa súa voz*.

Presenta na Sala Capitol de Compostela o concerto da Nova Canción Galega.

Edita a peza teatral *Barriga Verde*, que se estrea ao ano seguinte.

Escribe para a revista *Biblos* de Coímbra o breve ensaio *Noticia da vida e poesía de Xosé Crecente Vega*.

1969

Edita en Montevideo *Versos pra cantar en feiras e romaxes*.

Edita en Bos Aires *Versos pra un país de minifundios*.

As autoridades franquistas múltano por participar xunto a Miro Casabella nun acto na Universidade Central en Madrid, no que se fixo exhibición de “una bandera separatista” e se corearon “gritos subversivos”.

Basilio Losada prepara para a colección Adonais, das Ediciones Rialp, unha *Antología Poética/ Escolma Poética de Manuel María*, en edición bilingüe.

1970

Edita en Bos Aires *Remol*.

Publica tamén, na colección “Val do Lemos” da súa editora Xistral, as *Cancións do lusco ó fusco*. É nomeado en abril membro correspondente da Real Academia Galega.

Edita en Arxentina o volume narrativo *O xornaleiro e sete testemuñas máis*.

Edita por segunda vez, en Xistral, o seu *Auto do mariñeiro*.

Abre en Monforte con Saleta a Librería Xistral, na que se vende tamén cerámica de Sargadelos.

Aparece a segunda edición de *Documentos personaes*.

Traduce ao español para a revista *Primer acto* a peza de Castelao *Os vellos non deben de namorarse* e achega asemade o artigo “Noticia del Teatro Gallego”.

1971

Gaña certames poéticos en Vilagarcía de Arousa, Betanzos, Monforte e Guimarões.

Prohíbenlle unha conferencia na Coruña sobre “O Renacemento galego do século XIX e a súa proxección política na Galicia de hoxe”.

1972

Publica en Porto, da man da editora Razão Actual, as *Odes num tempo de paz e de alegria*, con limiar de Margarita Ledo Andión.

Publícase tamén en Portugal, da man da mesma editora portuense, o volume antolóxico *99 poemas de Manuel María (1950-1970)*, preparado polo propio autor.

Tira do prelo na Celta de Lugo a 3ª edición, novamente ampliada (100 poemas), de *Terra Cha*.

Aparece a versión en francés do libro *Cancións do lusco ó fusco*.

Viaxa á Bretaña, á Suíza e a Euskalherria. Recita no Centro Galego de Barakaldo.

Reedita *Os soños na gaiola*.

Camillo Gómez Torres defende o 23 de xuño na Universidade de Barcelona unha tese de licenciatura sobre Manuel María.

1973

Aparecen os seus poemarios *Aldraxe contra a xistra* (Edicións Roi Xordo, Xenebra, Suíza), *Informe pra axudar a alcender unha cerilla* (Edicións Patronato da Cultura Galega, Montevideo) e *Laio e cramor pola Bretaña* (Lisboa).

Obtén ex aequo co Zardigot de Euloxio R. Ruibal, grazas á peza *O meu reino non é deste mundo*, o premio Abrente de Teatro en Ribadavia.

Publica na colección “O Moucho” das Edicións Castrelos de Vigo o volume *Kricoi, Fanoi e Don Lobonís*.

Edita en Bos Aires a peza teatral *Auto da costureira*. Preside a Asociación Cultural Castelao, de Monforte.

1974

Viaxa, dá recitais e dita conferencias por Cataluña, Euskalherria e Portugal.

Aparece a segunda edición de *Laio e cramor pola Bretaña*, nas Edicións Roi Xordo de Xenebra.

Tradúcense ao bretón as *Cancións do lusco ó fusco*. Fai parte do xurado do II Concurso de Obras Teatrais Abrente, de Ribadavia.

1975

Presenta a súa renuncia como correspondente da Real Academia Galega.

Participa na creación da Asemblea Nacional-Popular Galega (AN-PG), en abril.

Dita numerosas conferencias sobre a figura de Castelao, no XXV cabodano da súa morte no exilio.

1976

Edita na colección Alexandre Bóveda, de Xistral, os *Cantos rodados pra alleados e colonizados*.

Viaxa a Barcelona para participar en varios actos culturais.

Resulta multado por participar en Quiroga o 18 de abril nunha mobilización contra o proxecto de instalación dunha celulosa.

Volve ser xurado no premio Abrente de Ribadavia.

Gaña un certame de guiños cinematográficos con *Abril de lume e ferro* e ofrece numerosas charlas e recitais por todo o país.

1977

Detidos el e Saleta o 29 de xaneiro pola policía, nunha vaga represiva poucos días despois de que se perpetrase a matanza de avogados laboristas de Atocha. Son postos en liberdade aos dous días.

Publica en Madrid, da man da Asociación Cultural Galega Lóstrego, os *Poemas ó Outono*.

As edicións Ceibe da Frente Cultural da AN-PG publican *Poemas pra construír unha patria*.

Cabeza de lista ao Senado polo BN-PG na provincia de Lugo nas eleccións do 15 de xuño.

Comeza a enviar a *A Nosa Terra* entregas da súa sección "Andando a Terra", asinadas baixo o pseudónimo de *Manuel Hortas Vilanova*.

Dita conferencias sobre as Irmandades da Fala en diversas localidades.

"Fuxan os ventos" edita en discos seus versións de poemas como "O carro", "Labregos" e "Cantiga das Encrobas".

1978

Publica da man de Follas Novas, en Compostela, o *Libro das baladas*.

A AS-PG patrocina a edición en Xistral do seu poemario infantil *As rúas do vento ceibe*.

O cantautor Suso Vaamonde edita cancións inspiradas no libro *Os soños na gaiola*.

A cantante María Manuela e o seu compañeiro Miguel versionan musicalmente poemas como "Idioma meu", "Manual de señorito" e "O aliado".

1979

Publica na Editorial Alvarellos, de Lugo, *Catavento de neutrós domesticados*.

Estrea en Lugo o seu *Auto do maio esmaiolado*, editado máis tarde pola Escola Dramática Galega coruñesa nos seus *Cadernos* en 1982.

Estréase tamén a súa *Farsa de Bululú (O meu reino non é deste mundo)*.

Edita a peza teatral infantil *Aventuras e desventuras dunha espiña de toxo chamada Berengüela*.

Concelleiro polo BN-PG na corporación municipal de Monforte ("unha das experiencias máis desagradables da miña vida").

Campaña de desprestixio contra el e contra Saleta en Monforte, acusándoos inxustamente de seren instigadores dos incidentes que remataron traxicamente na noite do 13 de agosto cun rapaz morto, cando a policía reprimiu unha "festa alternativa" que protestaba contra a festa de pago organizada polo Concello nas Pistas do Xardín Municipal.

1980

Publicase a antoloxía *Versos de 30 outonos*, preparada por Camilo Gómez Torres.

4ª edición do seu *Terra Cha*, agora con 105 poemas.

3ª edición, e definitiva, de *Documentos personaes*.



Estrea en Lugo o seu *Auto da Autonomía*.

Espállanse as súas *Coplas contra o decreto de Bilingüismo*, asinadas como *O Gaiteiro de Ventosela*.

1981

Viaxa a Venezuela e a Suíza.

Participa no 1º Congreso de Escritores Galegos, en Poio.



Publica na colección Ramón Cabanillas da editora Xistral os *Poemas da labarada estremecida*.

Escrebe o seu “Soneto a Xosefa Baamonde García, mestra de Dices-Rois-Padrón”.

1982

Viaxa por Euskalherria, dando recitais e conferencias en Donosti, Trintxerpe, Santurzi, Barakaldo...

Participa na homenaxe a Fermín Bouza Brey.

Edita da man de Xerais, na colección Montes e Fontes, a súa “broma literaria” *Escolma de poetas de Outeiro de Rei*.

Galiza Editora publica en Ourense os seus *Versos do lume e do vagalume*.

Participa na Asemblea constituínte do BNG en Riazor.

1983

Cesa como concelleiro nacionalista en Monforte, ao non saír reelixido nas municipais de maio. Viaxa por Italia.

Participa en Figueira da Foz no I Encontro Luso-Espanhol de Poesía.

Participa en Vigo nun recital con Novoneira, Luz Pozo Garza e Bernardino Graña.

1984

Edita no Carballiño, da man da Asociación Cultural Avantar, o *Cantigueiro do Orsellón*.

A AGAL publica o seu *A luz resuscitada*, con carta-prefacio de Antón Gil Hernández.

Nova viaxe a Italia e tamén a Grecia, na compañía de Felipe Senén.

Participa nun congreso de escritores galegos, vascos e cataláns en Poblet.

1985

Abandona a militancia na UPG e no BNG.

Colabora coa revista *Dorna*.

Tradúcense ao euskera, da man de Koldo Izagirre, varias pezas do seu teatro.

Publica na Coruña *O camiño é unha nostalxia*.

1986

Participa nunha homenaxe a Castelao en Rianxo, en xaneiro.

Edita en Ourense *Oráculos para cavallinhos-do-demo*.

Edita da man da revista *Follas Secas* de Ourense, na colección Castromao de Poesía, *Ritual pra unha tribo capital de concello*, con limiar de Xosé Estévez.

Poemas seus fan parte, musicados, do primeiro disco do grupo “A Quenlla”, *Os tempos aínda non, non son chegados*: “Canto de esperanza”, “A historia de Galicia”...

Viaxa a Córsega, Sardeña, Sicilia e Calabria.

Confecciona e publica en *Follas Secas* a peza teatral *Entremés da OTAN*.

Morre en decembro súa nai, Pastora.

1987

Reedita, grazas á Federación de Asociacións Culturais Galegas, o que fora o seu primeiro libro, *Muiñeiro de brétemas*.

Apróbase o expediente para o seu nomeamento como fillo adoptivo de Monforte.

Monográfico da revista ourensán *Follas Secas* sobre a súa figura.

Viaxa á Bretaña e a Normadía.

Participa nun encerro de escritores da AELG no local da Academia Galega esixindo a demisión do seu entón presidente e, asemade, delegado do Goberno, García-Sabell.

1988

Publica *As lúcidas lúas do outono*, na editora coruñesa Vía Láctea.

Edita os seus *Sonetos ó val de Quiroga*.

Viaxa, de novo, a Italia para visitar a Toscana.

Tradúcense ao holandés as súas *Cancións do lusco ó fusco*.

“A Quenlla” inclúe no seu disco *Európolis 88* temas inspirados en textos do poeta, como “Bando”.

1989

5ª edición do seu *Terra Cha*, agora con 110 poemas.

3ª edición de *As rúas do vento ceibe*.

Editase en Barakaldo, en edición bilingüe galego-euskera, o poema “Saturno”.

Comeza a súa colaboración xornalística en *El Correo Gallego* compostelán.

Publica como peza teatral *Abril de lume e ferro*.

1990

Publícase o volume antolóxico *Andando a Terra*, preparado por Pilar García Negro e Miguel Mato Fondo, que recolle parte da súa articulística no semanario *A Nosa Terra* entre 1977 e 1987.

Publícase, da man de Xerais, o libro *Conversas con Manuel María*, de Xosé Manuel del Caño.

A editora herculina Nova Galicia tira do prelo o volume recompilatorio *Os ontes do silencio*, que inclúe os *Contos en cuarto crecente*, *O xornaleiro* e *Kricoi, Fanoi e Don Lobonis*.

Edita o *Cancioneiro de Monforte de Lemos*.

Pronuncia en Llodio, o 27 de maio, o pregón do Día de Galiza en Euzkadi, en presenza do lehendakari José Antonio Ardanza. Participa na descuberta dunha placa en Barakaldo en honra a Ramón Cabanillas.

Concédenlle o premio “Celanova Casa dos Poetas”.

1991

O xornal compostelán *El Correo Gallego* edita o seu *Compendio de orballos e incertezas*.

Editanse conxuntamente as pezas teatrais *Farsa de Bululú* e *Unha vez foi o trebón* na denominada “Biblioteca 114” de *El Correo Gallego*.

Noméano presidente da Irmandade dos Viños Galegos, en marzo.

Publica en SM, na colección “O Barco de Vapor”, o volume prosístico *A tribo ten catro ríos*.

1992

Publica na colección “Os contos do Castromil” o texto *Auto do Castromil ou a revolución dos baúles*. Publica en SM, na colección “O Barco de Vapor”, *Cando o mar foi polo río*.

Edita a súa peza *A lúa vai encoberta*, escrita nos anos 70, na Biblioteca de Autores Galegos do *Diario 16 de Galicia*.

1993

Miguel Anxo Fernán-Vello e Miguel A. Mato Fondo editan en Espiral Maior unha *Antoloxía poética* do noso autor.

Publica, tamén en Espiral Maior, *A primavera de Venus*, con limiar de Claudio Rodríguez Fer e ilustracións de Felipe Criado.

A mesma editora de Fernán-Vello tira do prelo nun só volume a colección “Val de Lemos”.

Viaxa a Exipto e a Israel.

El Correo Gallego edita o seu libro *Poemas a Compostela*, escrito corenta anos antes.

A Asociación Monte Branco de Ponteceso réndelle homenaxe.

1994

Concédeselle o Pedrón de Ouro.

Edita *Cantigas e cantos de Pantón*.

Edita en Espiral Maior *Poemas para dicirle a dúas lagoas*, con limiar de Fernán-Vello.

Publica en SM, na colección "O Barco de Vapor", o volume prosístico *Viaxes e vagancias de M.P.* A Deputación de Lugo publica o estudo de Xosé Lois García *Lectura e itinerario posíbel polo Terra Cha de Manuel María*.

Participa con Bernardino Graña, Neira Vilas, Novoneira e Ferrín no recital de clausura da XI Semana de Filosofía, en Pontevedra.

O 6 de outubro xubilase como procurador dos Tribunais.

1995

Tribútaselle unha grande homenaxe no Teatro Rosalía de Castro na Coruña, organizada pola AS-PG.

Citania de Publicacións edita un volume colectivo coordinado por Xulio Xiz co título de *Manuel María da Terra Cha*.

Participa en Gasteiz nun novo Congreso Galeuzca de escritores.

1996

Edita *O Miño canle de luz e néboa*, en Espiral Maior.

Aparece a cuarta edición de *Barriga verde*.

Escrebe o limiar de *Memoria e soño*, do poeta lugrés aficando en Viveiro Xoán Neira.

"A Quenlla" ofrece a súa versión de "Verbas a un irmao" no disco *A casa que nunca tivemos...*

1997

A AELG distíngueo como socio de honra coa letra E.

Recibe o premio Otero Pedrayo.

Elabora con Anxo Gómez Sánchez para a *Historia da Literatura Galega* auspiciada pola AS-PG e editada por A Nosa Terra o fascículo 28 e a súa correspondente escolma, co título *Poetas entre a tradición e a modernidade. Antoloxía*. Tamén

colabora no fascículo (35) e escolma dedicados a Fole.

Edita en Espiral Maior, na colección "Illa Verde", os *Sonetos á casa de Hortas*.

Publica na Editorial Everest, dentro da colección "Punto de Encontro" o volume *As ribeiras son escuras*, en que recolle as prosas "As augas van caudais", "Os alugados" e "O xornaleiro".

Participa no Congreso da Poesía Galega que se celebra en Vilagarcía polo 50 aniversario da publicación de *Cómaros verdes*, de Aquilino Iglesia Alvariño.

Participa en decembro nun acto poético reivindicativo contra o traslado da estatua de Pastor Díaz en Viveiro.

Camilo Gómez Torres prepara unha *Antoloxía poética* do noso autor para acompañar o fascículo 39 da *Historia da Literatura Galega* preparada pola AS-PG e editada por A Nosa Terra.

1998

Traspasa en abril a Librería Xistral en Monforte e instálase con Saleta na Coruña.

Prologa os *Poemas para unha loia*, de Lois Pereiro.

A Casa de Cultura de Foz é bautizada co seu nome.

2000

A Asociación Cultural Xermolos, de Guitiriz, baixo a coordinación de Alfonso Blanco Torrado publica co título de *Manuel María* un volume-colectáneo de artigos, estudos e poemas sobre a súa figura.

Dedícaselle a primeira edición do Día das Letras Chairegas, o 21 de marzo.

Camilo Gómez Torres defende na Universidade coruñesa a primeira tese de doutoramento sobre a figura do poeta, co título *Manuel María: traballo lingüístico e traballo cultural*.

Publica da man da editora Hipocampo, de Sabino Torres, o poemario *Brétemas do muiñeiro*.

Edita en Monforte *Os carreiros do soño*.

2001

6ª e definitiva edición de *Terra Cha*: 114 poemas.

A editora Espiral Maior reúne e publica en dous tomos a *Obra Poética Completa* do noso autor.

Camilo Gómez Torres publica en Laiovento o





Manuel María.
Fotografía: María Esteirán.

Salustio Cibrao de V.

estudo *Manuel María: os traballos e os días*.

Editase *Camiños de luz e sombra*, libro escrito en 1959.

2002

Editase *Entre a arxila e a luz*, poemario que fora escrito en 1957.

2003

Ingresa o 15 de febreiro como numerario na Real Academia Galega co discurso *A Terra Chá: poesía e paisaxe*, que foi respostado por Méndez Ferrín. A cerimonia celébrase en Vilalba.

Participa nas mobilizacións de "Nunca Máis".

Editase o seu *Cancioneiriño de Valdeorras*.

Editase na biblioteca teatral Francisco Pillado da Universidade coruñesa a súa peza teatral *Edipo*. Publica en Laiovento as prosas de *Historias do empardecer*, con ilustracións de Ana Pillado Vega.

2004

Morre o 8 de setembro, na Coruña.

Velorio público no Panteón de Santo Domingos de Bonaval, en Compostela.

Traslado dos restos e soterramento en Outeiro de Rei.

O Instituto de Estudios Chairegos de Vilalba edita postumamente, con prólogo de Antón Xosé Meilán García, as súas *Elexías á miña vida pequena*, escritas en 1950.

2005

Celébrase en novembro, na Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña, o Congreso "Manuel María. Literatura e Nación".

O Festival de Pardiñas (Guitiriz) réndelle homenaxe.

Camilo Gómez Torres publica na colección Campus da editorial A Nosa Terra a monografía *O tempo vital de Manuel María*.

O selo Ouvirmos, de Sarria, edita o traballo colectivo *Manuel María. Fotobiografía sonora*.

2006

Xosé Ramón Freixeiro Mato obtén o XX Premio Literario Ánxel Fole, convocado pola Fundación Caixa Galicia e *El Progreso* de Lugo, polo traballo *Lingua e estilo na obra de Manuel María*.

2009

Editanse as Actas do Congreso Manuel María. Literatura e Nación.

2010

A Fundación Manuel María publica o poemario inédito *Cecais hai unha luz*, escrito en 1979, e mais un ensaio titulado *Galiza*, probablemente confeccionado a mediados dos anos 80 do pasado século.

2011

A Asociación Cultural Alexandre Bóveda da Coruña edita a monografía de Miguel A. Mato Fondo *Señardade da luz (a obra poética de Manuel María)*.

2012

Publícase o poemario *Os lonxes do solpor*, escrito en 1989. A edición consta dun limiar de Fernán-Vello, o disco *Andando a Terra* de Uxía e o vídeo *De amor e cantería*, con guión de Anxa G. Refoxo.

2013

Inaugúrase o 7 de setembro en Outeiro de Rei a Casa Museo Manuel María.

2014

Editase a súa correspondencia entre 1951 e 1974 con Otero Pedrayo, da man de Xosé M. Sánchez Rei e Estefanía Mosquera Castro.

2015

A Fundación Manuel María edita unha escolma da súa articulística, co título *Memoria da Terra. Prosa xornalística escollida*.

2016

A editorial Galaxia publica unha *Antoloxía poética* preparada por Darío Xohán Cabana e Amelia Outeiro Portela, abrindo así unha necesaria fervenza de publicacións sobre o noso autor. A súa figura protagonizará o Día Das Letras Galegas con innúmeros actos e iniciativas por todo o país.

as “escolas do insiño galego”: unha experiencia pedagóxica das Irmandades

Cando se cumpre o primeiro centenario da fundación das Irmandades da Fala, paga a pena expoñermos nesta revista do STEG a iniciativa desa entidade emblemática que máis directamente incidiu sobre o panorama educativo do seu tempo: a creación das “Escolas do Insiño Galego” na Coruña, en 1923, da man do editor Ánxel Casal.

Unha escola en 1901

a marxinación do idioma no sistema educativo

Unha das máis sangrantes realidades ás que se tiveron que enfrontar as Irmandades no seu afán de mellorar Galiza foi a da absoluta discriminación que padecía nesa época a lingua galega en todo o sistema educativo, desde os niveis primarios ata a Universidade. Ausente por completo da docencia e dos materiais de aprendizaxe, ignorado como idioma con pasado e presente literario, reprimido no seu uso espontáneo no ámbito escolar de unha e mil maneiras, excluído mesmo desde a vertente puramente filolóxica ou como ferramenta didáctica, o galego, que era alcuñado *dialecto* con evidente afán minusvalorizador, resultaba así un auténtico estigma de atraso, rusticidade, ineducación e/ou pobreza, que a acción constante da escola, segundo prescribían as directrices ministeriais e o pensamento sociolingüístico dominante, claramente uniformistas e asimilistas ambos, debía axudar a extirpar en favor de la *lengua nacional*, pretensamente moito máis *culta*, *capacitada* e *útil*.

Efectivamente, a difusión masiva de prexuízos diglósicos constituía nesa altura, implícita ou explicitamente, unha das grandes misións do aparello escolar. Denunciouno Castelao nunhas coñecidas liñas do cuarto apartado do “Libro Segundo” do seu *Sempre en Galiza* (1944): “Prohibíchedes o galego nas escolas para producir no espírito dos nosos rapaces un complexo de inferioridade, facéndolles crer que falar galego era falar mal e falar castelán era falar ben”.

Milleiros de escolinos e escolinas que traían da casa o seu galego como lingua identitaria, familiar e habitual, non só accedían a partir do seu paso polas aulas ao coñecemento máis ou menos amplo do castelán, único idioma oficial, senón que aprendían tamén a conceptualizar negativamente o galego (e con el algúns dos seus trazos fonéticos non coincidentes coa prosodia normativa castelá, como a gheada e o seseo). Dese xeito, desde esa nova mentalidade adquirida, unha boa parte deses escolinos acababan converténdose logo nos seus ámbitos de relación en activos axentes da deserción idiomática e da ruptura da transmisión interxeracional, sobre todo se as súas particulares traxectorias individuais ían acompañadas de mudanzas ascendentes na escala social, laboral e económica.


A mesma orientación curricular e idiomática desgaleguizadora, agravada ademais polo enfoque promigratorio que desenvolvían nas súas actividades, presentaban boa parte das chamadas “escolas de indianos” promovidas polas Sociedades de Instrución, como denunciaba *A Nosa Terra* no exemplar de 30 de setembro de 1918:

“Os gallegos emigrados queren, ante todo, que as escolas que eles pagan sean escolas para emigrantes. Hai escolas destas na nosa terra, na que os rapaciños adeprenden geografía de América e nengunha apenas de España e Galicia; nas que adeprenden mecanografía, mas non cousas agrícolas ou relacionadas con as industrias gallegas”.

a alternativa galeguizadora da escola defendida polas Irmandades

Diante deste panorama, o primeiro labor das Irmandades será, como é lóxico, o da denuncia dos negativos efectos que un sistema educativo así concibido traía consigo nunha sociedade como a galega, que en 1900 tiña nada máis e nada menos que entre un 74’31% e un 67’88% de analfabetismo. As primeiras propostas que desde as Irmandades se lanzan para mudar esta situación, formuladas sobre todo polo psicopedagogo e catedrático de Ética e Dereito no instituto coruñés Xoan Vicente Viqueira, cáseque se limitaban a pedir que non se reprimise o uso espontáneo do galego por parte do alumnado, que o profesorado puidese botar man del como lingua auxiliar nas aulas (aclarando conceptos, sinalando equivalencias co castelán, etc.), que se desen nocións básicas da súa gramática e que se fixese lectura de textos literarios algunha vez.

Pouco a pouco a intensidade da reclamación *irmandiña* tomará máis alcance, de maneira que



Ánxel Casal



María Miramontes

se demandará abertamente que se implantase o seu estudo e emprego na docencia xunto co castelán, tanto nas actividades lectivas como nos materiais didácticos. Ademais, como sinala Risco no seu plan de 1921, “un ensino verdadeiramente galego, debe comprender: Xeografía de Galiza, Estoria de Galiza e vidas de galegos ilustres, Língua e literatura galega, Arte galega, Cencias e disciplinas prácticas (agricultura, endústreas, labores, traballos manuais, etc.), con apricación á nosa Terra”. Para garantir este novo enfoque habería que proceder á capacitación idiomática do futuro profesorado, creando as cátedras correspondentes nas Escolas Normais.

A colección de *A Nosa Terra*, xa nos seus primeiros tempos, alberga numerosos artigos que plasman este interese das Irmandades por colocar o foco sobre a intolerábel, ademais de didacticamente incomprensíbel, marxinação da lingua e da cultura propias de Galiza nas escolas galegas e sobre as pésimas consecuencias pedagóxicas e sociolóxicas que se derivaban de semellante praxe. Falamos de traballos como “Pol-as Escolas Galegas”, de *L. de Sergude*, ou sexa, Leandro Carré Alvarellos (25.12.1916); “A Fala no ensino”, de Vitoriano Taibo (5.1.1917); “A nosa escola” (30.8.1917) e “O galego na escola” (30.12.1917), de Xoan V. Viqueira; “Ó castelán pol-o gallego” (30.9.1918), de Santos Vila; do anónimo “As escolas antigallegas” (30.9.1918); da conferencia “Nossos problemas educativos”, do xa citado Viqueira (1918); do artigo “O noso apostolado” (outubro de 1918), de Ortiz Novo; de “O problema da cultura”, de Aurelio Ribalta (2.5.1919); etc.. Tamén o boletín *Nós* edita en dúas entregas (nº 6, 20.8.1921 e nº 7, 25.10.1921) o *Plan pedagóxico pr’a galeguización d’as escolas* elaborado por Risco, por mandato expreso da 3ª Asemblea Nacionalista. Nese plan, o tratamento que debía recibir o idioma sintetízase deste xeito:

“O ideal sería qu’o ensino se dera en lingua galega.

A apelación á nosa fala é indispensable, pol-o menos n-as escolas ruraes, si é qu’o escolante s’ha faguer comprender verdadeiramente dos rapaces.

O menos que se pode pedir é qu’o galego non sexa sistemáticamente estrañado e botado fora das escolas”.

Risco indica que “pol-o desprezo da lingua principia o desprezo da Terra y-o desapego a ela” e defende, ademais, o estudo gramatical de galego e do castelán por “comparanza”, para fixar ben os dous códigos (“de maneira qu’os rapaces adeprendan a falar verdadeiro castelau e verdadeiro galego”). Completarían esta entrada do galego na vida escolar a lectura e comentario de textos literarios, en verso e en prosa, “tres veces ou máis á semán”, complementados con breves explicacións de historia da literatura galega, unhas “nociós de gramátca galega” e, por último, a realización de “exercicios de redacción e composición en língua galega” por parte do alumnado dos últimos cursos.

Non fará falta dicir que por parte das autoridades estatais en materia educativa houbo un absoluto silencio e unha total indiferencia diante de semellante listaxe de propostas construtivas que

algúns membros das Irmandades tiñan lanzado para un novo tratamento da lingua galega no sistema educativo estatal, formado nesa altura por unhas tres mil escolas públicas no noso país.

o proxecto das Escolas do Insiño Galego

É neste adverso contexto para as demandas de galeguización do ensino que xorde na Coruña, no trascurso dunha xuntanza da Irmandade da Fala local o 8 de xullo de 1923 e a proposta do libreiro e editor Ánxel Casal Gosenxe, respaldada por unanimidade, unha iniciativa pioneira e excepcional: as “Escolas do Insiño Galego”.

Xa a comezos dese ano o boletín da ING *Rexurdimento* (febreiro de 1923) rompera lanzas a favor da admisión do galego no sistema educativo, traendo a colación as opinións de diversos persoeiros relevantes, como o médico e catedrático Miguel Gil Casares, o abade M. Piñeiro, o mestre Castiñeiras Díaz, o finado Lois Porteiro, etc. e reproducira un artigo de Vitoriano Taibo (marzo de 1923), publicado orixinariamente en 1917 en *A Nosa Terra*, en que o mestre da Ponte de Mera denunciara a represión que moitos mestres exercían sobre o uso espontáneo do galego por parte dos nenos e nenas e a “salvaxada pedagóxica” que comportaba querer darlles ensino en

“escolas - encol de todo nas das aldeias - onde os escolantes s’empeñan n’enseñaren o castelao pol-o castelao mesmo, os probes cativiños san d’ilas fartos de labazadas e valdeiros de letras; dicindo *auja* e don *Guanito*; co galego en bárbaro e o castelao en brutiño”.

As Bases das Escolas do Insiño Galego publícanse en *A Nosa Terra* o 5 de agosto de 1923. Contemplan, por puro imperativo legal, que o ensino nelas se fará en idioma español (base 1ª), mais empregando tamén o galego “na letura da nosa literatura peculiar e demais

libros didáticos que se poidan outer, e para algunhas espricaciós de leiciós prácticas”, en clara aplicación das recomendacións plasmadas por Risco no seu *Plan pedagóxico* de 1921.

As Escolas serían gobernadas por un Consello reitor formado polo Conselleiro 1º da Irmandade da Fala coruñesa (que sería presidente nato), o presidente da Sección de Cultura e Fala desa mesma Irmandade, o Tesoureiro-contador e dous mestres “d-ambos sexos e reconecido galeguismo”, todos con dereito a voz e voto (base 2ª). As Escolas financiaríanse polas achegas de socios protectores, cunha cuota mínima de 2 ptas. mensuais, e polas subvencións que se lle demandarían a entidades galegas da Terra e do estranxeiro (base 3ª), ficando na obriga de facer publicación mensual dos estados de contas en *A Nosa Terra* (base 5ª).

A Irmandade da Fala facía cesión gratuíta do seu local na praza de María Pita para as actividades das Escolas (base 4ª). Contemplábase, inicialmente, a posta en marcha dunha escola de párvulos (nenos e nenas entre 4 e 7 anos), para máis tarde afrontar a posta en marcha da correspondente escola elemental (base 6ª). Estabeleciase unha *ratio* máxima de 50 alumnos [sic] para cada escolante (base 7ª) e a total gratuidade, tanto da matrícula como dos materiais escolares (base 8ª), con dereito preferente para o alumnado fillo de membros da Irmandade da Fala ou de socios protectores (base 9ª). Por último, facíase recaer no Consello reitor a designación dos libros de texto que debían empregarse (base 10ª).

Cabe salientar que o ensino destas “Escolas” foi completamente laico, que contemplou saídas a algunhas localidades e enclaves do contorno xeográfico herculino (Oza, Pontedeume, Betanzos...) e que incluíu a interpretación frecuente de cantigas populares e do himno galego. O alumnado participaba tamén na procesión cívica que organizaba cada ano o Circo de Artesáns ata o cemiterio coruñés, para honrar a memoria de Curros Enríquez. Na presentación destas bases, *A Nosa Terra* apostilaba (nº 190, 15.8.1923):

“Non ll-abonda a Galicia qu-os seus fillos seipan lêr i-escribir.

Galicia percisa qu-os seus fillos lean i-escriban n-a sua Fala para qu-a sintan; qu-estuden n-a sua Xeografía para qu-a coñezan, e coñecéndoa quéiran-a; que lles digan das grorias d-os seus homes para honral-os; que beban nas fontes da sua Tradición, da sua Cultura e da sua Arte para qu-as continúen sin influenzas alleas e que seipan pol-a sua Historia dos aldraxes e das persecucións de que foi vítima”.

Nun artigo posterior intitulado “Escolas de Insiño Galego. Pol-o ben de Galicia” e publicado en *A Nosa Terra* (nº 191, 1.9.1923), Ánxel Casal explicaba que a iniciativa destas “Escolas” debería servir como elemento aglutinador e mobilizador de “todos os galegos que desexan sinceramente o benestar da Patria”, contribuíndo a acabar ademais “d’unha vez para sempre con todol-os receios e con total-as intransixencias de que moitos veñen facendo alarde en xustificación da sua inactividade ou da postura que contra o seu pensar adoutaron”. O que pretendía con esta idea, alén das dimensións estritamente pedagóxicas e proselitistas sinaladas, era combater o vírus da discordia e a división “que parece haber sido inoculado no noso movemento pol-os enemigos da redenzón de Galicia, que son os únicos que se benefician e beneficiarán se seguimos tan trabucado camiño, namentras perxudicamos o Sagro Ideal que n-un comenzo axuntounos”.

A posta en marcha das “Escolas” foi apoiada efectivamente por algúns membros da ING. Nas listaxes de socios protectores que vai publicando *A Nosa Terra* durante o segundo semestre de 1923 e o primeiro de 1924 aparecen nomes como os do propio Ánxel Casal, Federico Zamora, Manuel Roel, Lúgrís Freire, Vitor Casas, Xosé Baldomir, Leandro Carré Alvarellos, Francisco Abellaira, Carlos Monasteiro, Benito Ferreiro, Xerardo Faraldo, Manuel Lemus, os irmáns Tomás e Enrique R. Sabio, Federico Rodríguez Chas, Xulio Pita, Florentino L. Cuevillas, Xosé García Acuña,

López Abente, Amado Carballo, Xosé Lesta Meis, Xoán Vidal Martínez, Xoán Antonio Vela, Portela Valladares, Francisco M. Balboa, Alfredo Somoza, Carlos Sobrino ou Vicente Risco.

traxectoria das Escolas do Insiño Galego

Implantada a ditadura de Primo de Rivera, debeu de haber presións para que o proxecto destas “Escolas” fose prohibido *manu militari*, de aí que desde o boletín *A Nosa Terra* (nº 197, 1.2.1924), aínda acribillado e todo pola censura, apurasen a lembrar o disposto na Gaceta do 29 de decembro de 1923, cuxo texto sinalaba literalmente que non había ningunha disposición “que prohiba en el orden privado la enseñanza de dialectos o lenguas regionales”. Por iso mesmo, concluía o voceiro mensual da Irmandade coruñesa, “temos perfectísimo dereito á cultivar o noso idioma” e “mellor é saber dous idiomas que un só”. Nese mesmo número do boletín recollíase o texto dunha conferencia de Federico Zamora, que consideraba que as Escolas terían que ser “pedra angular na que descansará no futuro o movemento galego”.

Finalmente, as Escolas do Insiño abriron as súas aulas en maio de 1924, cun total de 20 rapaces matriculados. En 1926, eran xa 60. Funcionaron ata o curso 1929-1930, primeiramente no local da Irmandade en María Pita, 17, baixo e, máis adiante, desde o segundo semestre de 1924, no local da rúa Real 36-1º, onde o propio Casal tiña a súa imprenta-librería-editora e onde moraba coa súa esposa, a costureira María Miramontes, tamén activa afiliada *irmandiña*.

Jenaro Marinhos del Valle contou que os pupitres da escola “non custarom mais que o valor da madeira que os carpinteiros nada quiseran cobrar por un traballo que beneficiava à comunidade em que eles próprios estavam interessados”. Pola súa vez, Felipe Fernández Armesto evocaría o 20 de marzo de 1926 na súa sección “Decrúa” en *El Pueblo Gallego* a súa visita como tuno a estas Escolas e a emoción que o embargou nesa ocasión:

“A revoltosa capa carnavalesca apretouse contra o peito e adequiriu prestixio de serea toga ó traspasar os cimbres d’un cuarto branco, e ledicioso, sinxelamente aparelado, onde algúns centos de rapaces estudaban e traballaban, en todol-os orde intelectuais, en galego e pra Galiza: eramos hóspedes emocionados - tal vez como nunca o estiveramos - da “Escola das Irmandades da Fala”. Xa

Elvira Bao

Jenaro Marín del Valle

Manuel Luís Acuña

Felipe Fernández Armesto

aulas libres
30

Emilio Xosé Ínsua

escolas do insiño galego

non soubemos discernir, soio sentimos o quentor do entusiasmo, i-a apertura do abrazo do escolante. Logo quixemos falar, - e comenzamos - irmanciños! As olladas de todol-os nenos, fortes de inquedanzas e d'arelas, cairon sober nós con animazón cariñenta. Non sabemos o que dixemos. Sentimos coma o desvanecimento d'unha sede irresistibel, e escomenzamos a repartir apertas.

¡Que pouco poidemos deixar!: unhas cantas lamberetadas e unhos probes pesos de que a Tuna facía graza ás “Escolas da Irmandade”. En troques iles déronnos o froito, alí madoiro [sic], da súa fé, i-os gallos frescos da sua ilusión, e obrigáronnos ó corazón a brincar d'outimismo”.

Indica Sabela Rivas que pasaron por estas Escolas “aproximadamente uns cen alumnos, oscilando entre 15 e 20 por ano” e que “asistían nenos entre cinco e dez anos, fillos, na súa meirande parte, de socios da Irmandade, aínda que, debido ao seu carácter gratuíto, tiñan acceso a ela nenos dun nivel económico baixo como era o caso dos fillos dos empregados de comercio, que eran os máis numerosos”.

Ao final só funcionou a sección masculina destas “Escolas”, co propio Ánxel Casal como escolante (e o poeta de Trives Manuel Luís Acuña como auxiliar e substituto), pois para a sección feminina, da que se ía encargar a mestra e irmá da fala Elvira Bao Maceiras, non chegou a haber suficiente demanda de matrícula.

Dentro da nómina de frecuentadores das “Escolas” que tiveron con posterioridade certa relevancia política e intelectual cabería amentar os casos do dramaturgo Jenaro Marín del Valle, o dos irmáns Galán Calvete (Fernando, Xaime e Pedro, futuro dirixente este último das Mocidades Galeguistas e mártir no tráxico 36, con tan só dezanove anos de idade), o dos tamén militantes galeguistas Xulio Pita e Fernando Suárez, etc. Como resumiu graficamente Fernández del Riego, nestas Escolas de Ánxel Casal “mamaron as leccións iniciais na nosa lingua máis de un cento de nenos coruñeses, sin lles costar un pataco”.

A experiencia destas “Escolas” da Irmandade coruñesa fechouse cando Ánxel Casal se viu en trance de ruína económica por mor do rotundo fracaso do diario vespertino *El Momento*, do que só saíron catorce números en febreiro de 1930. Procurando novas oportunidades para o seu negocio editorial e impresor e desexando distanciarse dos círculos da sociedade coruñesa que provocaran en definitiva o citado fracaso xornalístico e empresarial, Casal trasladouse a Compostela, a un local na rúa das Hortas que lle cedeu xenerosamente Camilo Díaz Ballo. Empezará así unha nova xeira que resulta decisiva para o desenvolvemento da cultura e da literatura galega no período republicano.

para saber máis

COSTA RICO, Antón (1996): *A reforma da educación (1906-1936). X. V. Viqueira e a historia da psicopedagogía en Galicia*, Sada: Eds. do Castro, col. Documentos, nº 123.

COSTA RICO, Antón (2004): *Historia da educación e da cultura en Galicia (séculos IV-XX)*, Vigo: Eds. Xerais.

FERNÁNDEZ DEL RIEGO, Francisco (1983): *Ánxel Casal e o libro galego*, Sada: Eds. do Castro, Serie Documentos, nº 7.

GABRIEL, Narciso de (1990): *Leer, escribir y contar. Escolarización popular y sociedad en Galicia (1875-1900)*, Sada: Eds. do Castro.

ÍNSUA, Emilio Xosé (2016): *A nosa Terra é nosa! A xeira das Irmandades (1916-1931)*, A Coruña: Baía Edicións.

MAGARIÑOS, Alfonso (2000): *A obra educativa e cultural dos emigrados. Prensa da emigración e Sociedades de Instrucción en Galicia: 1900-1936*, Sada: Eds. do Castro.

MALHEIRO GUTIÉRREZ, Xosé Manuel (2006): *As escolas dos emigrantes e o pensamento pedagógico: Ignacio Ares de Parga e Antón Alonso Ríos*, Sada: Eds. do Castro.

MARINHAS DEL VALLE, Jenaro (1995), “Casal pedagogo”, *A Nosa Terra*, Vigo, nº 700, 16 de novembro.

RIVAS BARRÓS, Sabela (2001): *A derradeira lección dos mestres. Galeguismo e pensamento pedagógico (1900-1936)*, Vigo: Eds. Xerais, Col. Universitaria.

RIVAS BARRÓS, Sabela (2002): *O ideario educativo do galeguismo. Escolma de textos e fontes bibliográficas*, Sada: Eds. do Castro, Col. Documentos, nº 164.



Sonia Fernández Casal

aulas libres

31

code (código): descifrando a fenda de xénero

bad romance: women's suffrage

As previsións de creación de emprego para a próxima década en EUA indican que no sector da informática haberá 1.500000 novos postos de traballo, superando a creación de emprego do conxunto de todos os demais sectores do mercado laboral. Neste contexto, e ante os datos que indican que o país non terá capacidade interna de responder á demanda de profesionais da informática, o documental *Code* pregúntanse: onde están as mulleres? Por que as mozas representan o 18% de estudantes de informática nun país onde son xa o 62% nas universidades? Por que as mulleres non aspiran a seguir unha carreira lucrativa e con perspectivas tan optimistas?

A directora Robin Hauser Reynolds analiza en *Code* a construción social e cultural que converteu en apenas unhas décadas a informática, unha especialidade que semellaba converxer cara a paridade, nunha profesión eminentemente masculina. Máis concretamente, nos EUA, nunha profesión de homes brancos.

Carl Jung, no prólogo que fai á edición occidental do *I Ching*, advirte que en moitas ocasións o problema principal é xustamente determinar cal é o problema. A formulación da pregunta acaída, indica Jung, é usualmente a vía para atopar a resposta correcta, xa que, paradoxalmente, na esencia mesma da pregunta está a resposta. Preguntas acaídas, moitas, son as que se formulan neste documental a través de entrevistas realizadas a adolescentes, enxeñeiras informáticas, responsables de empresas.... As respostas non perden interese por estar centrado o documental na realidade americana, xa que as situacións analizadas e descritas son perfectamente recoñecibles como parte tamén da nosa cultura: nais e pais que admiten que non animarían as súas fillas a convertérense en enxeñeiras, ambientes laborais sutilmente condescendentes ou abertamente hostís cara as mulleres, profesorado que non é capaz de reter o interese das alumnas cara as ciencias tecnolóxicas nin se propón activamente mudar esta situación...

Alén da análise de como se ten creado esta nova fenda de xénero, en *Code* amósase a importancia de que toda a diversidade social estea implicada no futuro desenvolvemento tecnolóxico, como xeito de arrequecer as solucións ás numerosísimas situacións que requirirán no futuro ferramentas informáticas. Nos 80 minutos de documental preséntansenos, ademais, experiencias exitosas de empresas e universidades que en apenas un lustro teñen revertido esta situación, non só no referente á presenza de mulleres, senón asemade de minorías étnicas que tamén se encontran infrarrepresentadas no sector, así como exemplos de países que están a deseñar estratexias educativas dirixidas directamente a superar a fenda dixital de xénero.

Xa que logo, o problema ten solución. Só se trata de recoñecer a existencia do problema. Ou en palabras da directora Robin Reynolds: *"Silicon Valley pode dicir que é unha cuestión de meritocracia, pero non o é"*.

FICHA TÉCNICA

Título: *Code: Debugging the Gender Gap*

Directora: Robin Hauser Reynolds

Nacionalidade: Estados Unidos

Ano de produción: 2015

Xénero: Documental

Distribuidora: Java Films

<https://www.youtube.com/watch?v=co6qKVBciAw>

Bad Romance: Women's Suffrage é un vídeo musical que rende homenaxe a Alice Paul e a todas as mulleres americanas que loitaron durante décadas para conseguir a aprobación da Emenda 19, que lles recoñecería o dereito ao voto no ano 1920.

O vídeo, de apenas 5 minutos, pode disfrutarse simplemente visionándoo, pero realmente merece que nos acheguemos a todos os detalles da historia que nos está a contar a través dos recursos educativos creados para tal fin por Soomo Learning, a empresa produtora do vídeo.

Dunha calidade extraordinaria, este vídeoclip foi concibido en todo momento coma unha ferramenta educativa para dar a coñecer a historia do sufraxismo americano a través da música de Lady Gaga. A suposta "parodia" da canción orixinal "Bad Romance", é, en realidade, un brillante exercicio de sincretismo no que as linguaxes visual e musical e a propia letra da canción achégannos a unha historia pouco coñecida no só deste lado do Atlántico. Sirva de exemplo como en poucos segundos explícasenos a axustada votación coa que se aprobaría a Emenda 19 e os motivos polo que o xoven republicano Harry Burn mudaría o seu voto en contra, inclinando finalmente a balanza a favor das mulleres.

Bad Romance: Women's Suffrage é sen dúbida un exemplo da nova xeración de recursos educativos que a revolución tecnolóxica está a poñer ao noso dispor. A aceptación por parte do alumnado está garantida, e a sorpresa para quen se decida a analízalo polo miúdo, tamén.

para ver, para ouvir, para ler



xabier díaz e adufeiras de salitre

“Todo o amor cabe folgadoamente nunha copla” (Ramón Cabanillas). Con esta cita encabeza Xabier Díaz o seu último traballo *The tambourine man*, no que se presenta acompañado das Adufeiras de Salitre. O disco ofrécese cheo do convencemento que outorga a madurez e dunha beleza que regala os sentidos. Díaz evoca no título o lexendario tema de Bob Dylan *Mr. Tambourine man* (1964), que se considera o inicio do folk rock. Aínda que non exista moita máis coincidencia entre un e outro, os dous nacen da vontade de reivindicar a raíz e actualizala.

Xabier Díaz non precisa presentación. É un ser humano que emana arte en cada aceno, en cada nota, en cada palabra. A súa voz é un privilexio do que gozamos todas as persoas amantes da música. O xornalista Fernando Neira, no seu libro *Berrogüetto: O Pulso Da Terra* recollía unha afirmación de Suso Cova alá polo ano 2001: “Se Deus cantase, chamaríase Xabier”. Tamén Guadi Galego tributa a súa homenaxe na sintética letra de “Coplas de estrelas”: “Tes a luz que precisas, aquela que lembra o marco do soño / mares de arpeixos en roda de cordas que colgan acordes que soan. // Tes a voz que namora na terra que fala a lingua que canta / Coplas de estrelas que guían amores errantes nos cantos de antes”.

A traxectoria de Xabier impresiona. Mesmo as que o seguimos desde os seus tempos de Rumbadeira, non podemos deixar de ficar abraíadas ao recapitular: os tres traballos discográficos co citado grupo do que foi fundador; a colaboración con Berrogüetto en *Hepta* (2001); a participación nos proxectos de Nova Galega de Danza *Alento*, *Engado* e *Tradición*; os seus traballos en Músicas de Salitre, no disco homónimo con Guillermo Fernández (2005), nos *Arrollos de salitre* (2010), en *aCadaCanto* (2012) e *A rosa d'Adina* (2013); o seu *Coplas para Icía* (2007); a participación en Berrogüetto desde 2008 ata a desaparición do grupo en 2014 e as innúmeras colaboracións en proxectos colectivos ou doutros artistas. Estamos, sen dúbida, ante unha personalidade musical do máximo relevo na Galiza de comezos do século XXI. Porén, Xabier é un artista de tempos lentos, cuxa ambición é facer a música que ama e entregarlle ao público coa fervenza da súa emoción e do seu talento.

Para o *The tambourine man* si que expresou unha ambición: a de levar a nosa música alén da tribo e facela chegar a outros territorios, a outras culturas. Esta será unha ocasión para comprobar se aquela segue a ter unha marca de minorización, ou, se pola contra, é recoñecida pola súa calidade.

Xabier Díaz ten feito fincapé en que este traballo non é un disco individual, senón que se trata dun proxecto coprotagonizado polas adufeiras Cristina Pico, Iria Penabad, Montse García, Patricia Gamallo, Maite López, Noemi Basanta, Carolina Vázquez, Bea Mariño, Lidia Sanmartín, Gisela Sanmartín e Mariña García. Nestas mulleres novas quere depositar con gratitude o acervo que lle foi transmitido por todas aquelas mulleres maiores que en moi diferentes puntos da nosa xeografía fixeron de informantes no seu traballo de investigación. Asemade, as adufeiras transmitílle ao propio Xabier unha enerxía renovada. Deste xeito, no traballo atopamos un nido protagonismo das voces e da percusión, que se ve complementado polo magnífico facer de Gutier Álvarez coas zanfona e os violíns e de Javier Álvarez co acordeón diatónico.

Non podemos esquecer interesantes achegas de colaboradores como Xosé Manuel Budiño, Kepa Junquera ou Alfonso Merino. Este último gravou en Okland (EEUU), onde residía nese momento, os violíns de “Jostunen Pasodoblea”, peza titulada en euskera como agasallo ao *txalapartari* co que Díaz xa ten colaborado noutras ocasións. Outras achegas correrón a cargo de Aleix Tobías, do grupo de percusión Coetus, e de Fernando Barroso.

The tambourine man ten unha feitura unitaria, mais hai varias pezas que destacan. O pórtico, formado pola “Xota Delira” e a “Cantiga da Montaña”, son dúas pequenas alfaias que nos levan a un marabilloso mundo de matices rítmicos e melódicos.

O primeiro dos temas é unha xota recollida na parroquia de Lira, en Salvaterra de Miño. A pandeireta e os adufes constitúen a percusión que estrutura unha peza na que a voz principal, a de Xabier Díaz, aparece magnificamente complementada polas segundas, as das adufeiras, e por un fermoso contracanto a cargo da zanfona de Gutier Álvarez. Un luxo.

A “Cantiga da montaña” está inspirada nunha peza interpretada por Suso Carrero, veciño de Degrada, nos Ancares. O seu ritmo vén dado polo inusual compás 5/8, utilizado no folclore búlgaro e húngaro. Posto en valor pola música académica do século XX, tamén se pode atopar en melodías tradicionais vasconavarras, como o *zortziko*, e galegas. Ademais dos irmáns Álvarez, co violín e o acordeón diatónico, nesta peza participa o percusionista catalán Aleix Tobías.

Dez pezas máis van tecendo o disco como un fermoso e variado tapiz. Son moitas as que se poderían destacar. Nós queremos facelo co “Langueirón”, un fermoso cantar que chega do val de Soneira, das terras de Vimianzo. O contracanto que Gutier lle fai coa zanfona éncheo de forza melódica. As coplas, como case que todas as que selecciona Xabier Díaz, son dun delicado lirismo.

Precisamente este é un aspecto no que sobresaí o seu bo facer: a escolla das coplas. Na propia carpeta do disco recolle un apartado onde indica a procedencia das letras. Son os grandes cancioneros da tradición popular e mais o propio arquivo do artista-investigador. O disco constitúe, en certo sentido, unha reivindicación e unha homenaxe á sensibilidade e ao traballo de Dorothé Schubarth, Antón Santamarina, Saco y Arce, Pérez Ballesteros e Ramón Cabanillas.



amaralina de thaïs morell

O 16 de xaneiro de 2016 celebrouse unha nova entrega do Festival da Lusofonía Cantos na maré (despois do impás de 2015). Nel participaron o roqueiro portugués Jorge Palma, a cantora de Guinea Bissau Karyna Gomes, o recoñecido artista brasileiro Alceu Valença, o dúo galego Uxía&Narf e a cantante brasileira Thaïs Morell. Desde o comezo do concerto ficamos engaioladas pola envolvente voz desta moza que interpreta os máis variados xéneros da música do seu país, cunha naturalidade e unha calidade que deixou ao público abraiado. Foi inevitábel lembrarmos o Cantos na Maré de 2010, cando iamos con devoción escoitar a Lenine e a Guadi, e ficamos prendadas da voz, as letras e a presenza da angolana Aline Frazão.

Curitiba presume de ser a cidade do Brasil que ofrece unha maior calidade de vida e de ser un modelo de humanización urbana imitado noutros puntos do planeta. Alí naceu Thaïs Morell. Malia a súa mocidade, ten percorrido moitos lugares do mundo. Pertence á nova xeración de músicas brasileiras cunha sólida formación. Estudou na Facultade de Artes do Paraná, no Brasil, e na Universidade de Música Sibelius, en Finlandia. Tamén estivo en África, na Universidade de Ghana. Leva desde hai sete anos vivindo en Valencia, a onde chegou para facer un mestrado en Etnomusicoloxía e onde exerce como profesora de Canto Moderno e Teoría Musical e Solfejo en Sedajazz Escola.

A voz non é o único talento que exhibe Thaïs Morell. Estamos ante unha compositora e multinstrumentista que domina o piano, a guitarra eléctrica, o pandeiro, o pífano, aínda que a súa especialidade é a guitarra (o violão), coa que acompaña practicamente todas as composicións. Ten no seu haber dous traballos, nos que non só demostra a súa valía musical, senón que se enfronta á autoedición e á autoprodución. En 2012 edita no selo Sedajazz Records o disco *Cancioneira*, no que fai unha demostración da súa valía e presenta temas propios a carón de pezas do flocloro de Finlandia, Ghana, Arxentina e, por suposto, Brasil. É notábel a “Zamba de la Candelaria”, composta polo músico arxentino Eduardo Falú e sobre unha letra do poeta e tamén músico Jaime Dávalos.

En 2015 Thaïs Morell ofrécenos *Amaralina*, traballo de suxestivo título que fai referencia a unha fermosa praia ao sur de Salvador (capital do estado de Baía) e que toma o nome do quinto corte deste disco.

Dos catorce temas que constitúen *Amaralina*, seis son de autoría exclusiva da artista e doutros tres é coautora. En todos atopamos fermosas letras como a de “Eles”, “Sobre tudo agora”, “Filosofía”, “Tudo o que você queria” ou “Zen”. Son letras dun delicado intimismo nas que a compositora subliña que a música ten unha función primordial na vida das persoas.

Isabel González Avión

aulas libres

33

Unha temática que destaca en varias composicións é a autoafirmación através da música e do canto: “A gente canta porque um dia / a gente se deu conta / que está nesse mundo / que é uma maravilha / [...] Eu canto aqui, meu senhor! / Para dizer que vim, para dizer quen sou”.

O vitalismo agroma aquí e alá nos versos dunha ou outra peza: “Um día é a grande e única oportunidade de olhar em frente, crescer e fazer / tudo o que você queria”. “O samba é vida, o samba é praça que não dorme e chama / Avenida que faz-se de cantos e de histórias reais, viscerais / do día a día, eu, você, bonito vem ver. // Se não te entendo é por que nem sempre se pode entender / Só viver buscando ser um ser humano completo, discreto”.

A peza que resulta musicalmente máis espectacular é “Vestida de Kentê”. O samba, cos seus ritmos e as súas peculiares tonalidades, soa na voz de Thaïs Morell vigoroso, trepidante e delicado a un tempo. Aínda que é a bossa nova o xénero que domina en boa parte das composicións, o disco non resulta en absoluto monótono e racha completamente os preconceptos que se poidan ter nese sentido coa música popular brasileira.

Son diversidade de influencias as que conflúen neste traballo, principalmente o jazz. Non podemos esquecer tampouco a música peninsular. “Los mozos de Monleón” é un precioso tema popular salmantino acrecentado cuns versos de Federico García Lorca. O tema titulado “Amo”, que Thaïs Morell interpreta acompañada por Carles Denia, é un exemplo da mestizaxe musical. A achega dos sons do folclore andaluz levados á cultura catalá dá lugar a unha peza fonda e delicada nas voces de Morell e Denia.

O sabor que nos deixa este disco pode estar representado polos versos da última composición vocal: “Quem plantou vai colher / Quem caiu, aprender // E quem andou e andou vai chegar”.

para ver, para ouvir, para ler

Emilio Xosé Ínsua

o miño. un caudal de historia, de anselmo lópez carreira

a morte de valle inclán. o último esperpento, de carlos g. reigosa, javier del valle inclán e josé monleón

cando levanten as brétemas, de josip mlakič

Edicións Xerais ofrece na súa colección Libro X este ameno ensaio do historiador e recoñecido medievalista Anselmo López Carreira, vigués de nacemento (1951) e ourensán de infancia. Seguindo o percurso en diagonal do río Miño pola nosa xeografía e facendo “paradas” en moitos dos lugares emblemáticos das súas ribeiras, desde o nacemento no Pedregal de Irimia ata a desembocadura na Guarda, pasando por Lugo, Portomarín, Ourense, O Ribeiro, Tui, etc., o autor reconstrúe con rigor e brevidade moitos momentos, figuras, fenómenos e circunstancias da nosa historia comunal, sen deixar de deitar de cando en cando agudas reflexións historiográficas ou evocar aspectos do seu relacionamento persoal co río. O arqueolóxico mestúrase sabiamente co etnográfico, o económico co cultural, o propiamente histórico coa Galiza problemática de hoxe e así o libro vai debullando un sinfín de coñecementos enriquecedores que se presentan por xunto nunha prosa limpa e fluída. Unha magnífica achega para un verdadeiro “coñecemento do medio” galego.

Tres ensaios de diversa fasquía compoñen este interesante volume sobre a figura do xenial Valle Inclán editado por Xerais. O primeiro deles, de José Monleón, fai, para comezar, un esclarecedor contraste entre a escasa compracencia coa que foi recibido no seu tempo o teatro de Valle Inclán e a posterior eclosión de entusiasmo que espertou nos círculos culturais e dramatúxicos do antifranquismo. Na continuación, ofrece as notas dunha viaxe do propio Monleón a Galiza nos anos 60, á procura dos espazos valleinclanianos máis emblemáticos.

O segundo ensaio, o de Javier del Valle Inclán, neto do escritor, reconstrúe con minuciosidade, case día por día, os derradeiros meses de vida de Valle Inclán na Compostela de 1935 ata o seu pasamento o 5 de xaneiro de 1936, dando conta das relacións humanas, das excursións, das últimas xestións editoriais e dos penosos avatares médicos que afrontou o autor das *Comedias bárbaras*. Tamén revela as xestións para renderlle diversas homenaxes póstumas ao escritor e o impacto que a noticia da súa morte tivo en diversas publicacións e medios intelectuais e políticos da España e da Galiza desa época.

Por último, Carlos G. Reigosa reconstrúe o clima de tenso enfrontamento que rodeou o pasamento e enterro de Valle Inclán en Compostela, coa cidade polarizada entre os sectores clericais que non aceptaban que o escritor morrese sen confesión e intentaban impedir o carácter laico da cerimonia fúnebre e os sectores esquerdistas, que quixeron facer do soterramento do autor de *Lucas de bohemia* un acto reivindicativo. Nesta última perspectiva, destacou a nutrida presenza galeguista nas exequias, con Castelao, Antón Villar Ponte e Ánxel Casal á fronte.

En coidada tradución desde o croata debida a Jairo Dorado Cadilla, a editora Hugin e Munin publica esta novela intensa e desacougante de Josip Mlakič (1964), en que o protagonista principal, Jakov Serdar, escribe por prescrición terapéutica psiquiátrica un caderno no que irá deitando as imaxes e intres máis relevantes do seu pasado, sexa inmediato, como integrante dunha pequena unidade combatente croata na guerra de Bosnia, sexa remoto, nunha infancia e adolescencia na Xugoslavia de Tito, cando non se albisaban aínda as fontes polas que manarían os escuros odios do recente conflito nos Balcáns, que a novela retrata con ferinte precisión en moitas das súas páxinas.



seique, de susana sánchez arins

A nosa compañeira sindical e activista Susana Sánchez Arins, que xa ten asomado varias veces ás páxinas de Aulas Libres, deu ao prelo da reintegracionista Através Editora o seu libro *Seique*. Brillante produto literario, que se presenta cunha fermosa capa da nosa deseñadora Rosa Herraiz e que lembra por momentos a delicadeza expresiva da *Seda* de Alessandro Baricco, é un libro capaz de superar con nota a dificultade de abordar máis unha vez o tema da guerra civil e da represión mercé a un coidadísimo e orixinal tratamento do material narrado, que procede en derradeira instancia de procuras inéditas arredor dun familiar que protagonizou infelizmente numerosos episodios do furacán de violencia asasina desatado no 36.

Ese tratamento foxe á mantenta dos cauces narrativos tópicos e habituais, organizándose por contra en secuencias mínimas, a xeito de microrrelatos ou *flashes*; enchéndose ora de lirismo poético, ora de reminiscencias teatrais, ora de apretada prosa testemuñalista, ora de xogos entre o pasado e o presente, peneirados polas lembranzas dos seres queridos. Susana fai un uso intelixente da repetición e de certos “ritornellos” expresivos e apela, en fin, a subtítulos cargados de forza, que actúan como balizas nun percorrido a cada máis dantesco e revelador. Pesquisa histórica, mergullo na memoria, nos silencios e nos danos familiares, dolorosa constatación e, tamén dalgún xeito, catarse de medos e violencias padecidas noutros corpos e noutras vidas, cuxo sacrificio e sufrimento non se apagarán xa máis grazas ao esforzo da nosa autora.



fin de festa, de diana varela puñal

Autora dos poemarios *Fíos* (2006) e *Animal Abismo* (2010), ambos editados por Espiral Maior, e de varias pezas de literatura infantil, a avogada e escritora Diana Varela Puñal publicou recentemente en Laiovento unha novela breve, co título de *Fin de festa*. Está ambientada nas décadas finais do pasado século nunha vila mariñeira galega que ben podería corresponder ao Corme natal da autora e ofrece, ante todo, unha orixinal galería de evocacións na que destacan algúns seres peculiares, raros, especiais, solitarios e maiormente fracasados. Preside o conxunto, expresado con tenrura e grande viveza estilística por unha voz narradora-testemuña e no que alternan faíscas de riso e fíos de pranto, a protagonista Susi Arnela, unha noutroira moza admirada por todos que vive horas baixas con plena consciencia do seu paulatino descenso aos infernos.



cheiro de choiva, de rodolfo alonso

Méndez Ferrín é quen prologa este poemario do escritor e tradutor galego-arxentino Rodolfo Alonso, publicado pola editora Barbantesa de Cangas do Morrazo.

Rodolfo Alonso publicou o seu primeiro libro en 1954 (*Salud o nada*) e participou nas actividades culturais e políticas, en chave republicana, galeguista e de esquerdas, da Federación de Sociedades Galegas bonaerense, á que pertenceran, precedéndoo, figuras como Blanco Amor, Alonso Ríos ou Suárez Picallo. En 2006 deu un adianto na revista *A trabe de ouro* (nº 68) da súa produción na lingua de noso, que oíu falar desde o berce a seus pais emigrantes. Agora reúne un corpus de case medio cento de poemas galegos escritos nun amplo período de tempo, entre 1952 e 2014, con estéticas, xeitos de dicir e temas moi diversos, mais todos eles de grande rigor conceptual, depurada dicción e que resultan en moitas ocasións estremecedores pola profundidade e a emoción que encerran. Así, sen dúbida, aqueles nos que evoca as figuras de súa nai e de seu pai ou o que dá título ao propio volume.



Chamei, de jeito pesado e insistente, a cada porta, batim em todos os coraçõs, petei em todas as conciências, andei os caminhos que a vida e o azar puxerom diante dos meus olhos, berrei até rebentar os pulmõs e quebrar a minha voz como um cristal, malgastei o herdo de paixom que recebim dos nossos antigos mais antigos e, às vezes, atopei umha companha amiga e solidária, gentes generosas mais atentas ao destino comum que aos seus pequenos egoísmos persoais. Tamém tropecei con traidores, oportunistas e muitos, muitos desertores. Contodo, mereceu a pena tanto esforço; o futuro - nom o duvidedes - será nosso. Deixo-vos o que tenho: a minha escura voz para que cando seja somente a sombra dumha sombra mui lonjana alguém se lembre de mim na minha tribo do mesmo jeito que a folha dum carvalho lembra à brisa que a agarimou algumha vez.

Manuel María

Versos do lume e do vagalume (1982)

datos das sedes do STEG

A CORUÑA

Avenida Joaquín Planells, s/n, Local 1752
15007 A Coruña
Tfno.: 670-25 69 56
corunha@stegsindicato.org
Horario de atención de sede:
De luns a venres de 10:00 a 14:00 h. e de luns a xoves tamén de 17:00 a 19:00 h

SANTIAGO

Avenida de Coimbra nº 15. 15704 Santiago
Tfno.: 981-58 07 00
compostela@stegsindicato.org
Horario de atención de sede:
De luns a venres de 10:00 a 14:00 h e os martes e xoves tamén de 17:00 a 19:00 h.

LUGO

r/ Conde nº 31 - Entresollado esquerda. 27003 Lugo
Tfno. 982-24 00 66
lugo@stegsindicato.org
Horario de atención de sede:
De luns a venres de 10:00 a 14:00 h. e de luns a xoves tamén de 17:00 a 19:00 h

OURENSE

r/ Bedoya nº 5, 2º dereita. 32004 Ourense
Tfno. 988-25 23 23
ourense@stegsindicato.org
Horario de atención de sede:
De luns a venres de 10:00 a 14:00 h e de luns a xoves tamén de 17:00 a 19:00 h.

PONTEVEDRA

Praza Curros Enríquez, nº 1, oficina 201. 36002 Pontevedra
Tfno.: 986-85 75 45
pontevedra@stegsindicato.org
Horario de atención de sede:
De luns a venres de 10:00 a 14:00 h. Luns e mércores, de 17:00 a 19:00 h. Xoves, de 18:45 a 20:45 horas.

oferta formativa do STEG no curso 2015/16

Primeiras Xornadas de Innovación Educativa: palavrar a lingua

Sábado 16 de abril de 2016: das 10 ás 14 horas e das 16 ás 20 horas.
Museo do Pobo Galego, San Domingos de Bonaval s/n 15703 (Santiago de Compostela).
8 horas de formación presencial.
60 prazas (reserva do 30% para persoas no desemprego).
Matriculación por medio do formulario na páxina web do sindicato www.steg.gal.
Persoas relatoras: Belén Escariz Ferrín e Isabel Vázquez Rosales: “Normalizar en Infantil e Primaria. Un proxecto común”; Pilar Ponte: “Experiencias normalizadoras no IES da Pobra do Caramiñal”; Mesa redonda: “A situación do galego e das linguas minorizadas no contexto do Estado”: Valentina Formoso (Galiza), Policarpo Mencía (Asturies), María Antònia Font (Illes Balears), Aitor Idigoras e Amaia Zubieta (Euskalherria); Emilio Xosé Ínsua: “As Irmandades da Fala. Un percorrido pola súa historia”; obradoiro de lusofonía a cargo de Carme Saborido; concerto musical de Narf.

Introdución ao Software Libre na Educación (obradoiro)

Sábado 30 de abril: das 10 ás 14 horas e das 16 ás 20 horas.
IES Manuel García Barros, Avda. da Cultura, 36681 A Estrada (Pontevedra). Telf 986-590104
8 horas de formación presencial.
Persoas relatoras: José Carmelo Cacabelos Romero e Gumersindo Monteagudo Domínguez.
20 prazas (reserva do 30% para persoas desempregadas).
Prazo de inscrición: remata 48 horas antes do comezo da actividade.
Matriculación por medio do formulario na páxina web do sindicato www.steg.gal.

Segundas Xornadas: Coeducar en Igualdade.

Sábado 7 de maio: das 10 ás 14 horas e das 16 ás 20 horas.
Aula Multiusos de Educación “López Mella”, Parque de Frigsa, 27003-Lugo.
8 horas presenciais, repartidas entre relatorios e obradoiros.
60 prazas (reserva do 30% para persoas desempregadas).
Matriculación por medio do formulario na páxina web do sindicato www.steg.gal.
Persoas relatoras: Branca Nazaré Guerreiro Muñoz, orientadora no CPI de Friol: “Prevención da violencia de xénero dende a escola”. Lola Ferreiro Díaz, catedrática de procesos sanitarios: “Onde comeza o maltrato?... E o bo trato?”. María Luz González Rodríguez, PT no IES Obispo Argüelles de Villablino (León): “A linguaxe importa”.

aulas
libres 6